J. Pereira-Espinel Plata • M.A. Rodríguez Guitián • M.I. Iglesias Díaz • A. Rigueiro Rodríguez

Ruta Botánica
polo Campus de Lugo

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Páxina seguinte »

© dos textos, Javier Pereira-Espinel Plata, Manuel A. Rodríguez Guitián, María Isabel Igesias Díaz e Antonio Rigueiro Rodríguez, 2014
© das fotografías e gráficos, Javier Pereira-Espinel Plata, 2014
© desta edición, Universidade de Santiago de Compostela, 2014

Coordinación
Benita María Silva Hermo
Vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade
da Universidade de Santiago de Compostela
María Teresa Barral Silva
Coordinadora do Plan de Desenvolvemento Sostible
da Universidade de Santiago de Compostela,
Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade
da Universidade de Santiago de Compostela
Tamara Miguéns Vázquez
Investigadora colaboradora do Plan de Desenvolvemento Sostible
da Universidade de Santiago de Compostela

Deseño e realización
J.M. Gairí

Edicion técnica
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, agás excepción prevista pola lei. Pode acceder Vd. ao texto completo da licenza premendo nesta ligazón: http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl

Esta obra se encuentra bajo una licencia Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-SA 3.0 solo puede ser realizada con la autoriza-ción expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede acceder Vd. al texto completo de la licencia haciendo clic en este enlace: http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.es

This work is under a Creative Commons BY-NC-SA 3.0 license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-SA 3.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license by clicking on the following link: http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0

Agradecementos

A obra que presentamos é o resultado de meses de traballo durante os cales foron moitas as persoas que aportaron ideas, coñecementos e suxestións. É indudable que o resultado final débese, en boa medida, á axuda desinteresada destas persoas.

Queremos, en primeiro lugar, amosar o noso máis sincero agradecemento á Universidade de Santiago de Compostela por ter financiado este proxecto e especialmente ás profesoras Benita Silva Hermo e María Teresa Barral Silva, da Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade, que desde o primeiro momento amosaron o maior interese para que este traballo fora adiante e vira a luz.

Aos profesores da Escola Politécnica Superior de Lugo, Santiago Pereira Lorenzo, Benigno Ruíz Nogueiras, Enrique Carcelén Fernández, Julián García Berrios e a Dra. Ana María Ramos Cabrer, queremos agradecerlles a información sobre as especies e variedades froiteiras, hortícolas e vinícolas, que resultou de grande axuda na fase de inventario botánico.

A Dna. Elena Cruz Aguilar, Dna. Marta Illera Vives e ao Dr. César Pérez Cruzado, a súa inestimable axuda nos traballos de campo e de elaboración de cartografía.

A todos eles, moitas grazas.

Índice

Introdución

Descrición da Ruta

Mapa dos sectores

Ximnospermas

Magnólidas

Monocotiledoneas

Dicotiledoneas

Anexos

Ximnospermas

Magnólidas

Monocotiledoneas

Dicotiledoneas

Glosario

Autores

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Introdución

Esta obra deriva do Inventario da Flora Leñosa do Campus Universitario de Lugo, traballo encargado pola Universidade de Santiago de Compostela e desenvolvido entre os meses de marzo e setembro de 2011.

Nas aproximadamente 34 ha e media que ocupa o Campus lucense identificáronse 230 taxóns leñosos entre especies, híbridos, variedades silvestres e cultivadas (cultivares). Ademais, pola súa abundancia en todo o Campus, incluíronse as herbáceas *Cortaderia selloana* e *Phormium tenax*, polo que o número final de taxóns catalogados ascende a 232, repartidos en 49 familias, 101 xéneros, 149 especies e 8 híbridos, entre eles un interxenérico (x *Cupressocyparis*).

En canto á orixe xeográfica destes 232 taxóns, a maior parte (39%) son oriúndos do continente asiático, o 15% do americano e o 12% do europeo, mentres que un pequeno grupo (5%) son híbridos orixinados nas prácticas de xardinaría. O 26% restante pertencen a África, Oceanía ou están presentes en máis dun continente.

Orixe xeográfica das especies do Campus lucense



Con independencia do predominio de especies exóticas, algo frecuente na maior parte dos nosos xardíns, prazas, etc., paga a pena facer especial mención á árbore do ceo (*Ailanthus altissima*), a flor das bolboretas (*Buddleja davidii*) e maila herba da pampa (*Cortaderia selloana*), por estaren recollidas no actual borrador do Catálogo Nacional de Especies Invasoras (CNEI) do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. Unha cuarta especie, a falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*), encóntrase naturalizada na comunidade galega, estando actualmente prohibido o seu emprego para repoboación forestal, por mor do seu forte carácter invasor.

Unha vez realizada a fase de inventario e co obxectivo de divulgar a riqueza botánica do Campus lucense, deseñouse unha ruta de 2 quilómetros de lonxitude e doado percorrido, en cuxo itinerario se atopasen 73 das especies catalogadas.

Achégase información relativa a estas 73 especies, como o seu nome científico, a súa denominación común en galego (no caso de coñecerse), castelán e inglés, a súa orixe xeográfica e as súas principais características morfolóxicas, valores ornamentais e comentarios acerca doutros aspectos relevantes (usos tradicionais, variedades ornamentais recoñecidas, etc.). Ademais, indícase a súa presenza nos diferentes sectores en que se dividiu o Campus a efectos de inventario e o número total de individuos existentes.

Para aqueles que, vendo a riqueza florística do ámbito, consideren unha representación escasa estas 73 especies, incluíuse un anexo con outras 48 estirpes, que se describen de forma máis concisa.

Finalmente, inclúense a continuación fontes bibliográficas que poden ser útiles para os máis interesados nesta temática e que serviron de referencia para a elaboración das fichas descritivas dos taxóns inventariados.

Castroviejo, S. (Coord.) (1986-2011). *Flora Ibérica. Real Jardín Botánico*. C.S.I.C. Madrid. Tamén dispoñible También disponible na dirección web: http://www.fl oraiberica.org/

Díaz Vizcaíno, E., Rigueiro Rodríguez, A., Villarino Urtiaga, J.J.& Rodríguez Río, X.A. (2004). *Termos esenciais de botánica*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. U.S.C.

Krüssmann, G. (1984-1986). *Manual of cultivated broad-leaved tress & shrubs*. (English trans. by M. E. Epp.). Timber Press, Portland. Oregon.

Rodríguez Ríos, X.A. (Coord.) (2012). Vocabulario forestal (galego-español-inglés). Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. U.S.C.

Ruíz de la Torre (2006). *Flora Mayor. Organismo Autónomo Parques Naturales*. Dirección General para la Biodiversidad. Ministerio de Medio Ambiente. Madrid.

Walters, S.M., Cullen, J. & Royal Horticultural Society (1984-2000). *The European Garden Flora: manual for the identifi cation of plants cultivated in Europe, both out-of-doors and under glass*. Cambridge University Press. Cambridge. New York.

Os taxóns vexetais recoñecidos ordenáronse seguindo os criterios sistemáticos propostos por:

Ximnospermas

Shu-Maw Chaw, S.-M., Zharkikh, A., Sung,H.-M., Luu, T.-Ch. & Li, W.-L. (1997). Molecular Phylogeny of Extant Gymnosperms and Seed Plant Evolution: Analysis of Nuclear 18s rRNA Sequences. *Mol. Biol. Evol.* 14(1): 56-88.

Anxiospermas

Angiosperm Phylogeny Group (2009): An update of the Angiosperm Phylogeny Group classifi cation for the orders and families of flowering plants: APG III. *Bot. Journ. Linn. Soc.* 161: 105-121.

Carballos americanos monumentais no cercado para cabalos do Hospital Clínico Veterinario

Descrición da ruta

A ruta deseñada ten uns dous quilómetros de lonxitude e un percorrido circular, polo que calquera punto da mesma é válido para iniciala. Pensando naquelas persoas que chegasen ao Campus en coche, proponse comezar na entrada ao Campus (sector I) pola Escola Politécnica Superior (sector III), e tomar dirección oeste pola Avenida Carvalho Calero seguindo o aliñamento de cerdeiras xaponesas (*Prunus cerasifera*), de gran beleza na época de floración.

Unha vez superada a entrada principal da Facultade de Veterinaria (sector II) tomamos as escaleiras que descenden ata unha praciña teitada desde a que arrancan tres camiños, para seguir polo do medio, deixando un castiñeiro das Indias (*Aesculus hippocastanum*) a man dereita. Durante este curto traxecto podemos gozar dunha vista panorámica da valgada (sector V) e o anfiteatro.

Continuando o camiño, chegamos a unha carballeira, onde paga a pena pararse a contemplar o aspecto que presentan os escasos sobreviventes do



Pradairos prateados bordeando o camino da ruta

bosque que outrora debeu ocupar o actual Campus de Lugo e do que hoxe tan só consérvanse pequenas mouteiras, neste caso concreto de apenas media hectárea. Algúns destes carballos (*Quercus robur*) alcanzan os vinte metros de altura e os setenta e nove centímetros de diámetro normal (medidos a un metro e trinta centímetros do chan). Son individuos vellos de tronco limpo ata os tres ou cinco metros e copa ampla, cuxo porte demoucado desvela un antigo aproveitamento da especie para a obtención de leña, algo moi frecuente en tódalas nosas carballeiras.

Ao longo do percorrido polo exterior da carballeira atópanse dous dos puntos de maior interese desta ruta. O primeiro deles, situado na marxe dereita do propio camiño, trátase dun conxunto formado por trece tileiros (*Tilia platyphyllos*), cuxos exemplares acadan dimensións comprendidas entre os trece e dezanove metros de altura e os trinta e oito a sesenta e dous centímetros de diámetro normal, e cinco cipreses de Lawson de ata dezaoito metros de alto e sesenta centímetros de diámetro normal. O conxunto constitúe un recuncho sombrío e tranquilo, de gran beleza cando os raios de sol se filtran por entre as follas dos tileiros amosando variadas e vistosas tonalidades.

Continuando pola ruta, atopamos o segundo dos dous puntos de interese referidos. Formado neste caso por un par de carballos americanos (*Quercus rubra*), que crecen xusto ao bordo do pechado para cabalos do Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (sector IV). Aínda sendo posible que ambos os dous individuos fosen plantados a un tempo, o certo é que na actualidade un deles presenta un maior porte e perímetro, alcanzando unha altura de vinte e sete metros, un metro con trinta e sete centímetros de diámetro normal e un grosor de polas que ben podería ser o do tronco dunha árbore adulta da especie.

Os días do outono previos á caída da folla, cando esta vira a súa cor de verde a vermello intenso, constitúen a mellor época para contemplar estes dous magníficos exemplares. Ademais, se á monumentalidade do conxunto engadimos a posibilidade de ver cabalos de distintas razas no cercado habilitado ós seus pés, podemos considerar este como un dos emprazamentos de maior beleza do Campus.

Unha vez deixamos os carballos americanos, a ruta discorre pola parte traseira dos animalarios da Facultade de Veterinaria ata chegar ao aparcadoiro do Hospital Clínico Veterinario, que conta entre outras especies con sete pradairos prateados (*Acer saccharinum*) e dous cedros do Himalaia (*Cedrus deodara*). Desde aquí tomamos as escaleiras que nos levan cara á Av. Afonso X e a escasos metros, antes do cruceiro, viramos á esquerda dirección ao IBADER (sector VIII). Continuamos ata a valgada (sector V) seguindo o aliñamento de castiñeiros, cuxo porte retorto e corpulento, moldeado por podas e enxertos para a produción de froito, lles confire un aspecto impoñente.

Ao chegar ao anfiteatro da valgada tomaremos a ruta que segue por un camiño empedrado en dirección a un gran salgueiro chorón (*Salix babylonica*), chegando a un pequeno estanque onde poderemos facer un descanso e intentar ver algunha das numerosas e ruidosas ras que a habitan.

O camiño continúa paralelo á Facultade de Ciencias (sector X), até deixar atrás unha rotonda, momento en que nos encamiñamos cara ao Pavillón de Deportes (sector XI), deixando á dereita un grupo de capudres (*Sorbus aucuparia*), cuxa froitificación, a finais da primavera, supón un forte reclamo para distintas especies de aves.

Ao longo dos seguintes douscentos metros, os máis esixentes e duros da ruta pola costa inicial e o firme de area, poderemos contemplar un conxunto de catro freixos (*Fraxinus excelsior*), un exemplar novo de pinsapo (*Abies pinsapo*), un grupo de pradairos prateados, dous grandes exemplares de nogueira (*Juglans regia*) e castiñeiro (*Castanea sativa*) respectivamente, e unha abeleira (*Corylus avellana*), a cuxos pés sae un camiño que leva a unha nova masa arborada.

Esta masa difire da anterior en tres aspectos principais. En primeiro lugar, se a carballeira era unha formación monoespecífica de carballos, agora tamén podemos atopar castiñeiros e bidueiros (*Betula pubescens*). Por outra banda, fóra dalgúns carballos, non se observan evidencias de intervención humana (podas, etc.). Finalmente, e en parte a consecuencia da non intervención, a masa está moito máis densa, presentando copas menos anchas e troncos máis esveltos.

Ao saír da cuberta arbórea chegamos ao aparcadoiro da Escola Politécnica, atopándonos un piñeiro manso (*Pinus pinea*), que a pesar de contar con poucos anos de idade xa produce piñas e empeza a mostrar a copa en forma de parasol característica da especie.

Os xardíns da Escola Politécnica son os máis ricos en número de especies de todo o Campus. O recoñecemento e identificación de todas as súas especies podería ser tratado independentemente; en calquera caso, a ruta recolle un bo número de exemplares de entre os que se recomenda visitar o plátano de sombra (*Platanus orientalis*), a tamargueira (*Tamarix parviflora*), o ulmeiro siberiano (*Ulmus pumila*) e a árbore de Xúpiter (*Lagerstroemia indica*) por ser todas elas especies moi frecuentes nos nosos parques, xardíns e avenidas.

O percorrido remata á altura da plantación de vides, que recolle un bo número de variedades vinícolas galegas entre as que se atopan: 'Albariño', 'Mencia' ou 'Caíño' e outras cuxos nomes tamén resultan familiares ata a oídos inexpertos como: 'Tempranillo', 'Chardonnay' ou 'Merlot' ●

Mapa dos **sectores** nos que se dividiu o Campus Universitario de Lugo

1. Av. Pablo Iglesias e Carvalho Calero
2. Facultade de Veterinaria
3. Escola Politécnica Superior
4. Hospital Clínico Veterinario Rof Codina
5. Valgada do Campus
6. Biblioteca Intercentros e Cactus
7. Facultade de Humanidades
8. IBADER
9. Facultade de Empresariais
10. Facultade de Ciencias
11. Pavillón de Deportes



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: ***Abies pinsapo*** **Boiss**

Familia: **Familia: Pinaceae**

Nome común:

galego	**Pinsapo**
castelán	**Pinsapo, pino pinsapo**
inglés	**Spanish fir**

Orixe xeográfica: **Serras altas occidentais béticas e do norte de Marrocos**

Valores ornamentais: **Gran porte cónico e coloraciones glaucas**

Descrición botánica

Árbore de ata 35 m de altura. Copa cónica, que se estende ata a base do tronco nos individuos illados. Cortiza pardo-grisácea fina que se vai fendendo coa idade. Poliñas do ano pardo-avermellados e pólas normalmente verticiladas por 3. Follas en forma de agulla engrosada, verdes ou verde-glaucas, tetrágonas, ensanchadas na base, xeralmente de lonxitude inferior a 1,5 cm, que presentan dúas bandas estomáticas claras na cara inferior, aínda que en ocasións poden aparecer tamén na superior ou ata recubrindo toda a superficie. As acículas, rematadas nun avultamento de sección circular, dispoñense helicoidalmente nas poliñas, conferíndolles aspecto cilíndrico. Piñas oblongo-cilíndricas ou netamente cilíndricas, verdosas inicialmente, pardo-verdosas na madureza, de 10-25 cm de lonxitude por uns 5 cm de diámetro.

Observacións

O interese da especie é principalmente o estético. Algúns autores apuntan ao feito de que a supervivencia das masas actuais podería deberse en boa medida ao seu escaso aproveitamento humano pola complicada accesibilidade dos emprazamentos nos que vexeta, xunto ao pouco interese da súa madeira, a súa mala aptitude carboeira e escasa calidade da súa resina.

Porte cónico dun individuo novo de *Abies pinsapo*

Aspecto cilíndrico das poliñas

Sectores

5 Valgada do Campus

Distancia 2.034 metros

N - VI

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: *Cedrus atlantica* (Endl.) Carrière

Familia: Pinaceae

Nome común:

galego	Cedro do Atlas, cedro
castelán	Cedro del Atlas, pino de Marruecos
inglés	Atlas Cedar

Orixe xeográfica: Montañas de Marrocos e Alxeria

Valores ornamentais: Gran porte e grosor de tronco. Variedades glaucas

Descrición botánica:

Árbore de gran porte tanto en altura, podendo alcanzar os 50 m, como en grosor diametral. Copa cónica, truncada nos exemplares máis vellos. Cortiza grisácea fina que se vai engrosando, escurecendo e fendendo coa idade. Guía terminal erecta do mesmo xeito que as ramas, aínda que estas van tendendo á horizontalidade cos anos. Follas en forma de agulla, illadas e de ata 4 cm, nos macroblastos. As dos braquiblastos menores (1-2 cm), tetrágonas, agudas e con estomas en 3 das súas caras. As flores masculinas dispóñense solitarias e rodeadas por acículas nos braquiblastos. Piñas erectas de 5-10 cm de longo por 4-5 cm de ancho, que se desintegran en poucos meses deixando o eixo na árbore.

Observacións:

Especie que pode vivir nun amplo rango climático e edáfico, chegando a crecer en rocas fisuradas. O seu nome deriva da cordilleira do Atlas, de onde é orixinario e forma extensas masas puras, aínda que tamén se lle pode atopar mesturado con pinsapos (*Abies pinsapo*), rebolos (*Quercus pyrenaica*), piñeiros negrais (*Pinus nigra*) ou sobreiras (*Quercus suber*). A súa madeira, de cheiro resinoso moi intenso, é unha das máis empregadas na construción de mastros de guitarra española. No Campus de Lugo podemos atopar individuos do cultivar 'Glauca'

Porte de *Cedrus atlantica* 'Glauca'

Conos masculinos

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (2)

5 Valgada do Campus (2)

10 Fac. de Ciencias (2)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: *Cedrus deodara* (D. Don) G. Don

Familia: Pinaceae

Nome común:

galego	Cedro do Himalaia
castelán	Cedro del Himalaya
inglés	Deodar cedar, Himalaya cedar

Orixe xeográfica: Occidente da cordillera do Himalaia

Valores ornamentais: Aspecto chorón. Diferentes coloracións foliares e porte segundo variedades

Descrición botánica:

Árbore de gran porte, podendo alcanzar 70 m de altura e 3 de diámetro. Copa cónica. Cortiza grisácea xeralmente oculta polas ramas que crecen desde a base. Ramas rectas de ápice péndulo do mesmo xeito que a guía terminal. Acículas máis longas que as de *C. atlantica*, glaucas, de 3-5 cm, dispostas sobre os macro e braquiblastos. Piñas erectas, máis grandes que as de *C. atlantica*, de 7-12 cm por 5-6 cm, que se desintegran en poucos meses deixando o eixo na árbore.

Observacións:

O Xénero *Cedrus* conta tan só con 4 especies: *C. atlantica*, *C. deodara*, *C. libani* e *C. brevifolia*. De todas elas, *C. deodara* é a que alcanza maior altura, grosor de tronco, lonxitude de acículas e tamaño de piña.

Porte cónico con poliñas e ápice colgante

Conos masculinos

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (8)

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (3)

5 Valgada do Campus (4)

6 Biblioteca Intercentros e Cactus (1)

10 Fac. de Ciencias (5)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: ***Larix decidua*** **Mill**

Familia: **Pinaceae**

Nome común:

galego	**Lárice**
castelán	**Alerce, alerce europeo**
inglés	**European larch, common larch**

Orixe xeográfica: **Alpes, Cárpatos, Montes de Bohemia**

Valores ornamentais: **Porte piramidal maxestoso. Coloración outonal vistosa**

Descrición botánica

Árbore que alcanza gran porte (40 m). Copa e tronco cónicos. Follas en forma de agulla, flexibles e caedizas, duns 2-3 cm de lonxitude, dispostas en braquiblastos en grupos de 30 a 40, ou solitarias sobre os macroblastos. Piñas persistentes, marronáceas, ovoideas, erectas (4-5 cm), con escamas de bordos rectos.

Observacións

O seu nome fai referencia ao seu carácter caducifolio (deciduo), xa que é a única conífera da rexión europea que perde as follas. A súa madeira, avermellada e imputrescible, é moi apreciada como elemento estrutural nas súas áreas de distribución natural. A resina de lárice é moi apreciada e coñécese comercialmente por "trementina de Venecia". O lárice europeo é moi sensible a enfermidades, polo que en repoboacións forestais con interese comercial é frecuente empregar o híbrido, máis resistente, *Larix* x *eurolepis*, resultante do cruzamento entre este lárice e o xaponés (*Larix kaempferi*).

Copa cónica de *Larix decidua*

Piñas características de *Larix decidua* con escamas de bordes rectos

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: ***Picea abies*** **(L.) Karst**

Familia: **Pinaceae**

Nome común:

galego	**Abeto rubio, abeto do norte**
castelán	**Pícea, falso abeto, abeto rojo, abeto de Noruega, árbol de Navidad**
inglés	**Spruce, common spruce, Norway spruce**

Orixe xeográfica: **Centro e Norte de Europa**

Valores ornamentais: **Copa cónica e verticilos péndulos segundo variedades**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar até 50 m de altura. Copa cónica ou cilindro-apuntada, densa. Ramas principais con verticilos moi regulares. Xemas ovoideo-cónicas, non resinosas. Acículas verde-escuras e algo pinchudas, de 1 a 2,5 cm de lonxitude e de sección cuadrangular con filas estomáticas nas 4 caras. As acículas insérense nos poliñas en disposición espiralada sobre pequeñas estruturas saíntes. Piñas colgantes oblongo-cilíndricas de 10-16 cm de longo por 3-4 cm de ancho, con escamas leñosas delgadas, trapezoidais, xeralmente onduladas no bordo. As piñas, inicialmente verdes ou avermelladas, pardo-lustrosas ao madurar ábrense na árbore, podendo permanecer nela un ou dous anos.

Observacións

A súa madeira, resistente á humidade e até a inmersión, é moi apreciada para a construción de instrumentos de arco (violíns, violas, violonchelos, etc.). Moitos dos instrumentos do mestre Stradivari (1644-1737) foron realizados coa madeira desta árbore, entre eles os seus famosos violíns. A pesar de estar asociado ao Nadal, en Centroeuropa é o abeto *Abies alba* a especie empregada a tal fin. A árbore viva máis vella da que se ten coñecemento na actualidade é unha *Picea abies* que non alcanza os 5 m de altura, pero que posúe un sistema radical con máis de 9.500 anos de idade.

Porte de *Picea abies* na época do agromar

Piñas colgantes

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (7)

3 Escola Politécnica Superior (2)

5 Valgada do Campus (1)

9 Fac. de Empresariais (1)

10 Fac. de Ciencias (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: ***Picea glauca*** **(Moench) Voss var.** ***albertiana*** **(S. Br.) Sarg. 'Conica'**

Familia: **Pinaceae**

Nome común:

galego	**Pícea anana**
castelán	**Pícea blanca enana**
inglés	**Dwarf white spruce, dwarf alberta spruce**

Orixe xeográfica: **Zona atlántica norteamericana**

Valores ornamentais: **Porte pequeno e cónico ideal para rocallas, bordes de camiños ou grandes recipientes**

Descrición botánica

Os exemplares silvestres desta especie alcanzan gran porte, pero os individuos do cultivar 'Conica', de lento crecemento, non adoitan exceder o par de metros de altura. Copa cónica. Follaxe moi denso formado por acículas curtas (1-1,5 cm), finas e verdosas. Conos duns 2 cm.

Observacións

Especie moi empregada en xardinaría. Nalgúns exemplares vellos deste cultivar pode facerse necesaria a poda para manter o porte anano, ou pola contra empezará a crecer desmesuradamente.

Porte anano de *Picea glauca* var. *albertiana* 'Conica'

Detalle das acículas e cono

Sectores

8 IBADER (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: ***Pinus pinea*** **L.**

Familia: **Pinaceae**

Nome común:

galego	**Piñeiro manso, piñeiro real**
castelán	**Pino piñonero, pino doncel, pino real, pino albar, pino manso**
inglés	**Italian stone pine, stone pine, umbrella pine**

Orixe xeográfica: **Sur de Europa, oeste de Asia**

Valores ornamentais: **Copa ampla que lle confire aspecto de antuca**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar gran altura (30 m) con tronco ben definido e libre de ramas. Copa densa e aparasolada. Cortiza pardo-avermellada moi fendida. Acículas flexibles duns 10-20 cm de lonxitude e coloración verde-intensa, agrupadas de 2 en 2 sobre os braquiblastos. Piñas subsésiles, globoso-ovoideas, pardo-lustrosas, de ata 14 cm de lonxitude, de maduración trienal. Os piñóns, bo comestible, aparecen encerrados por unha casca dura recuberta por un po negruzco.

Observacións

Na Península Ibérica pódense atopar masas naturais deste piñeiro nas provincias de Valladolid, Ávila, Cuenca e as comunidades de Cataluña e Andalucía. A superficie total peninsular ocupada por esta especie, ben sexa formando masas puras, ben mesturado con outras como o piñeiro do país (*Pinus pinaster*), sobreiras (*Quercus suber*) ou aciñeiras (*Quercus ilex*), estímase ao redor das 400.000 ha, o que supón máis da metade da súa superficie total mundial. España é a maior procesadora do mundo de piñóns, cuxa demanda está en aumento.

Individuo novo de *Pinus pinea* no que se comeza a apreciar o aspecto de antuca da copa

Piña aberta

Cono masculino

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: ***Pinus uncinata*** **Ramond ex DC.**

Familia: **Pinaceae**

Nome común:

galego	**Piñeiro mouro**
castelán	**Pino negro, pino moro**
inglés	**Mountain pine**

Orixe xeográfica: **Zonas montañosas altas do centro e suroeste europeo.**

Valores ornamentais: **Copa densa de coloración verde-oscura.**

Descrición botánica

Árbore de talla media, até 25 m de altura, de porte cónico-piramidal a rastreiro segundo as condicións do lugar onde vexete. Copa moi densa. Cortiza grisácea e fina cando nova, parduzca e gretada coa idade, desprendéndose en teselas que deixan á vista unha coloración gris-avermellada. Acículas persistentes, agrupadas de 2 en 2 sobre os braquiblastos, de coloración verde-escura e uns 3-9 cm de lonxitude, co bordo finamente aserrado. Piñas subsentadas, ovoideo-cónicas, asimétricas, duns 6 cm de longo, marrón-avermelladas, coas escamas da piña do lado exterior recurvadas cara á base, en forma de gancho (uncinadas).

Observacións

As maiores poboacións naturais desta especie atópanse nos niveis superiores do Pirineo, mesturándose con faias (*Fagus sylvatica*), pinabetes (*Abies alba*) e piñeiros silvestres (*Pinus sylvestris*), conforme diminúe a altitude.

Porte de *Pinus uncinata*

Piña con escamas ganchudas, características de *P. uncinata*

Piñas incipientes

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (2)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: ***Pinus wallichiana*** **A. B. Jacks**

Familia: **Pinaceae**

Nome común:

galego	**Piñeiro do Himalaia**
castelán	**Pino del Himalaya, pino llorón**
inglés	**Bhutan pine**

Orixe xeográfica: **Himalaya, desde Afganistán a Bhutan**

Valores ornamentais: **Porte maxestoso de aspecto chorón**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar gran porte (50 m) de copa piramidal e cortiza gris-marronácea que se resquebraja coa idade. Acículas flexibles, colgantes, duns 10-20 cm, en grupos de 5. As piñas, colgantes e moi resinosas, son avermelladas inicialmente para ir adquirindo unha coloración parduzca conforme vanse lignificando, ata volverse completamente leñosas e abrirse.

Observacións

Polo gran porte que pode chegar a alcanzar e o seu aspecto chorón é unha especie moi apreciada en xardinería, aínda que tamén pola súa madeira de calidade, emprégase en carpintería e construción.

Porte de *Pinus wallichiana*

Cores avermellados e marróns das piñas novas e maduras, respectivamente

Aspecto chorón das poliñas de *Pinus wallichiana*

Sectores

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (1)

11 Pavillón de Deportes (1)

Distancia 2.034 metros

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: *Chamaecyparis lawsoniana* (A. Murray) Parl.

Familia: Cupressaceae

Nome común:

galego	Ciprés de Lawson
castelán	Cameciparis, ciprés de Lawson, falso ciprés, cedro blanco
inglés	Port Orford cedar

Orixe xeográfica: Desde o suroeste de Oregón ao noroeste de California

Valores ornamentais: Gran porte piramidal en individuos illados. Formación de sebes. Multitude de cultivares

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar os 50 m de altura. Copa piramidal. Cortiza grisácea e fibrosa oculta baixo o ramaxe que cobre todo o tronco. Poliñas planas, recurvadas cara abaixo, sendo característico que presente a guía apical péndula. Follas escamiformes opostas, totalmente aplicadas sobre as poliñas, presentando unhas bandas estomáticas brancas en forma de X polo envés. Flores masculinas avermelladas agrupadas en pequenos conos na punta dos poliñas e estróbilos femininos de diámetro polo xeral inferior a 1 cm formados por 8 escamas peltadas.

Observacións

Polos seus escasos requirimentos e rápido crecemento é unha especie ornamental moi apreciada nos lugares de invernos mornos e veráns con certa humidade, como é o caso de toda a Cornixa Cantábrica. Existen máis de 200 cultivares con distintos portes e coloracións. A súa madeira é de boa calidade. No Campus de Lugo podemos atopar os cultivares 'Stewartii' e 'Ellwodii'.

Porte piramidal de *Chamaecyparis lawsoniana*

Cultivar ‘Stewartii’



Cultivar ‘Ellwodii’

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (10)

3 Escola Politécnica Superior (4)

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (2)

5 Valgada do Campus (1)

6 Biblioteca Intercentros y Cactus (1)

10 Fac. de Ciencias (11)

11 Pavillón de Deportes (16)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Nome científico: ***Chamaecyparis pisifera*** **(Sieb. & Zucc.) Endl.**

Familia: **Cupressaceae**

Nome común:

galego	Ciprés de Sawara
castelán	Camecíparis Sawara, ciprés de guisantes
inglés	Sawara cypress, sawara

Orixe xeográfica: **Isla de Honshu (Xapón)**

Valores ornamentais: **Coloración de los poliñas y portes variados según cultivares**

Descrición botánica

Árbore que excepcionalmente pode alcanzar os 50 m de altura. Cortiza pardo-avermellada xeralmente oculta baixo as ramas que adoitan cubrir todo o tronco. Poliñas aplanados con follas imbricadas de ápice agudo, as exteriores algo menos aplicadas sobre os poliñas que as do seu parente *C. lawsoniana*, especie da que tamén difire en canto ao tamaño dos estróbilos femininos, algo maiores (1,2 cm), e o número de escamas que o compón (10-12).

Observacións

O epíteto pisifera fai referencia á similitude que presentan as piñas desta especie cos guisantes (*Pisum sativum*). Especie moi apreciada en xardinaría, existen diversos cultivares con formas que van desde individuos de grandes dimensións ata os de formas ananas e variadas coloracións. A súa madeira de calidade é empregada en Xapón para a construción de cadaleitos. No Campus lucense podemos atopar os cultivares 'Plumosa Aurea', 'Filifera Aurea' e 'Squarrosa'.

Poliñas cilíndricas e acículas laterais saíntes de *Chamaecyparis pisifera* 'Filifera aurea'

Poliñas do cultivar ‘Plumosa Aurea’

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (1)

3 Escola Politécnica Superior (2)

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (1)

9 Fac. de Empresariais (7)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: *Chamaecyparis thyoides* (L.) Britton, Sterns & Poggenb

Familia: Cupressaceae

Nome común:

galego	Ciprés branco
castelán	Cedro blanco americano, ciprés blanco
inglés	Atlantic White cedar

Orixe xeográfica: Costa atlántica norteamericana

Valores ornamentais: Diversos portes e coloracións segundo cultivares

Descrición botánica

Árbore de ata 20 m de altura. Cortiza pardo-avermellada xeralmente oculta baixo as ramas que adoitan cubrir todo o tronco. Poliñas aplanados con follas imbricadas de ápice agudo. Estróbilos, con diámetro inferior á 1 cm e formados por 6-10 escamas.

Observacións

Aínda que o interese da especie é sobre todo ornamental, a súa madeira imputrescible e de gran fino foi empregada en exteriores e zonas expostas na súa área de distribución natural.

Poliñas escamiformes e estróbilos de *Chamaecyparis thyoides*

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (1)

5 Valgada do Campus (2)

Distancia 2.034 metros

N - VI

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: ***Cupressus macrocarpa*** **Hartw. ex Gordon**

Familia: **Cupressaceae**

Nome común:

galego	**Ciprés de Monterrey**
castelán	**Ciprés de Monterrey**
inglés	**Californian cypress, Monterrey cypress**

Orixe xeográfica: **Baía de Monterrey, en California**

Valores ornamentais: **Rápido crecemento. Algunhas variedades son idóneas para a formación de sebes**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar os 25-30 m de altura. Copa cónica ampla. Cortiza pardo-avermellada que se desprende en placas coa idade. Ramas erectas. Follas novas aciculares decurrentes de coloración verdosa. Estróbilos masculinos globosos formados por 6-8 escamas e femininos con 8-14, inicialmente provistas dun po pouco denso, finalmente lustrosas.

Observacións

A pesar de ter un área de distribución natural moi reducida, esta especie crece adecuadamente en multitude de zonas xeográficas, polo que o seu uso está moi estendido. O seu rápido crecemento propiciou que sexa empregado en repoboación forestal, máis polo seu interese en restauración, que para produción de madeira, que adoita ser nodosa. Do seu cruzamiento con *Chamaecyparis nootkatensis* resulta o híbrido intergenérico x *Cupressocyparis leylandii*, un caso atípico, aínda que non exclusivo, no reino vexetal.

Exemplar de *Cupressus macrocarpa* de copa cónico-piramidal

Detalle dos ramiños

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (5)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Nome científico: *Juniperus chinensis* L.

Familia: Familia: Cupressaceae

Nome común:

galego	Xenebreira china
castelán	Enebro chino, junípero chino, sabina de China
inglés	Chinese juniper

Orixe xeográfica: China, Mongolia, Xapón

Valores ornamentais: Coloración das follas

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar os 20 m de altura, aínda que é frecuente atopalo como arbusto ou mata rastreira. Follas novas aciculares, ternadas, duns 7-12 cm, con dúas bandas brancas na parte superior. Follas adultas escamiformes, rómbicas. Nalgúns exemplares tan só desenvólvense follas aciculares. Os conos, denominados gálbulos ou arcéstides, son globosos e carnosos, pruinosos, con diámetro inferior ao centímetro e coloración verde inicialmente, parda ao madurar.

Observacións

No Campus de Lugo podemos atopar o cultivar 'Kaizuka', caracterizado polo seu porte esvelto e abundante produción de froito.

Poliñas con formas escamiformes e gálbulos de *Juniperus chinensis* 'Kaizuka'

Detalle dos gálbulos

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (2)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: ***Juniperus communis*** **Lam.**

Familia: **Cupressaceae**

Nome común:

galego	**Xenebreira**
castelán	**Enebro, jabino, sabino, sabina, ginebro**
inglés	**Common juniper**

Orixe xeográfica: **Todo o Hemisferio Norte (Circumpolar)**

Valores ornamentais: **Diversidade de portes (piramidal, columnar, rastreiro) e coloracións da follaxe. Facilidade de poda**

Descrición botánica

Arbusto dioico. Follas aciculares, pequenas (1-1,5 cm) e pinchudas dispostas en verticilos de 3, cunha única banda estomática branca na cara superior. Gálbulos de coloración verdosa inicialmente e negruzca ao madurar, que non superan o centímetro de diámetro no mellor dos casos.

Observacións

Coñecida polo seu uso en licorería, xa que os seus gálbulos son empregados para a obtención de xenebra. Esta especie tolera desde a seca máis extrema ata certo encharcamento. Nas montañas orientais galegas crece espontánea a subespecie *nana*, de porte rastreiro. A maior parte dos exemplares que podemos atopar no Campus de Lugo tamén presentan este hábito de crecemento. Na Escola Politécnica Superior hai dous exemplares do cultivar 'Pencil Point', de moi lento crecemento.

Juniperus communis 'Pencil Point'

Follas verticiladas x3

Follas verticiladas e banda estomática branca

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (2)

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (2)

5 Valgada do Campus (1)

8 IBADER (1)

11 Pavillón de Deportes (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: *Juniperus squamata* D. Don

Familia: Cupressaceae

Nome común:

galego	Piñeiro de San Xosé
castelán	Pino de San José
inglés	Flaky juniper, scaly-leaf Nepal juniper

Orixe xeográfica: Afganistán, India, China até Corea e Taiwan

Valores ornamentais: Coloración glauca máis ou menos intensa segundo variedades. As variedades rastreiras son bo tapizante

Descrición botánica

De mata rastreira a pequena arboriña de cortiza pardo-avermellada e parte terminal das poliñas xeralmente colgante. Follas aciculares aproximadamente de 1 cm de lonxitude, coa cara superior atravesada por unha banda branca menos evidente que a de *Juniperus communis*. Gálbulos elipsoidais, de diámetro inferior ao centímetro e coloración inicialmente parduzca, avermellada ou negra cando maduran.

Observacións

Nos países onde a especie é nativa é práctica frecuente queimar pequenos brotes, a modo de incenso, para aromatizar espazos pechados. No Campus de Lugo podemos atopar os cultivares de porte arbustivo 'Blue Swede' e 'Meyeri' e o tapizante 'Blue Carpet'.



Juniperus squamata 'Blue Swede'

Acículas e gálbulo de *Junipers squmata* 'Meyeri'

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (3)

5 Valgada do Campus (4)

7 Fac. de Humanidades (3)

8 IBADER (2)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: ***Juniperus virginiana*** **L.**

Familia: **Cupressaceae**

Nome común:

galego	**Xenebreira de Virxinia**
castelán	**Enebro de Virginia, cedro de Virginia, cedro de lápices**
inglés	**Eastern red cedar**

Orixe xeográfica: **Noreste de América**

Valores ornamentais: **Porte recollido. Coloración vistosa que varía segundo cultivares**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar os 20 m de altura. Porte piramidal, columnar ou cónico. Cortiza grisácea a avermellada que se desprende en tiras. Follas adultas escamiformes, aínda que as poliñas máis vellas poden conservar acículas de disposición oposta e lonxitude menor ao centímetro, con 2 bandas brancas na parte superior. Gálbulos pequenos (0,5-0,7 cm), redondeados e de coloración azulada na madurez.

Observacións

O feito de ser coñecido como cedro de lapis débese a que a súa madeira de excelentes calidades é a máis empregada a nivel mundial para a fabricación destas ferramentas de escritura.

Exemplares do cultivar 'Skyrocket'

Poliñas con gálbulos de *Juniperus virginiana*

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (5)

3 Escola Politécnica Superior (1)

5 Valgada do Campus (7)

11 Pavillón de Deportes (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: ***Platycladus orientalis*** **(L.) Franco**

Familia: **Cupressaceae**

Nome común:

galego	**Tuia de oriente, biota**
castelán	**Tuya oriental, biota, biota basta, árbol de la vida**
inglés	**Oriental arborvitae.**

Orixe xeográfica: **China, Xapón, Corea**

Valores ornamentais: **Copa piramidal, aspecto compacto e diversidade de coloración segundo cultivar**

Descrición botánica

Árbore de pequeno tamaño, ás veces arbustivo. Copa polo xeral piramidal e cortiza fendida. Poliñas comprimidas, dispostas en planos verticais. Follas escamiformes, opostas, decusadas, imbricadas na planta adulta, de coloración verde clara por ambas as caras, que desprenden un cheiro característico ao estrullalas. Estróbilos de ata 1,5 cm de maduración anual, ovoideos, inicialmente verde-azulados, para volverse marróns na madurez, con 6(8) escamas a modo de valvas, provistas dun apéndice dorsal característico, rematado nunha punta curta e curvada na parte exterior.

Observacións

Esta especie pode atoparse citada como *Biota orientalis* L. (Endl.) ou *Thuja orientalis* L., xénero este último no que estivo incluída tradicionalmente, pero os seus conos formados por escamas con ganchos, o maior tamaño da semente e o feito de que estas sexan ápteras, propiciaron a súa inclusión en *Platycladus*. O Nome científico do xénero fai referencia ás súas ramas (*cladus*) planas (*platy*). É unha especie frecuente nos templos budistas, tanto nos seus xardíns onde poden atoparse exemplares milenarios, como estruturalmente formando parte dos seus elementos construtivos. Tanto o nome castelán "árbol de la vida" como o inglés "arborvitae", derivado do latín, fan referencia á súa lonxevidade. A madeira de tuia oriental é dura e aromática, moi resistente á putrefacción. Nos seus países de orixe tamén se empregou para a construción de embarcacións tradicionais e cadaleitos. Moi usada en xardinería, frecuente en parques e xardíns tanto como elemento singular como formando sebes e estruturas para cortar o ventos, existindo máis de 30 variedades ornamentais.

Porte piramidal de *Platycladus orientalis*

Estróbilos inmaduros con escamas rematadas nunha punta curta

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (7)

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (1)

8 IBADER (1)

11 Pavillón de Deportes (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: *Thuja occidentalis* L.

Familia: Cupressaceae

Nome común:

galego	Tuia
castelán	Tuya, árbol de la vida
inglés	Arborbitae

Orixe xeográfica: Noroeste norteamericano

Valores ornamentais: Existen centos de cultivares con diferentes portes e coloracións

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar os 20 m de altura. Copa piramidal. Cortiza pardo-avermellada que fende lonxitudinalmente coa idade. Follas escamiformes dispostas en catro filas, verde lustrosas pola parte superior, mates pola inferior. Conos formados por 6-8 escamas, inicialmente elípticos, de 1-1,5 cm de lonxitude, verde claros, que van adquirindo unha coloración parduzca á vez que se van lignificando para finalmente abrirse.

Observacións

Atribúenselle propiedades revitaminizantes. No Campus de Lugo podemos atopar exemplares dos cultivares 'Smaragd', 'Rheingold', 'Yellow Ribbon', 'Golden Globe' e 'Danica'.



Conxunto de coníferas con *T. occidentalis* 'Smaragd' diante

Piña de *Thuja occidentalis*

Sectores

- **3** Escola Politécnica Superior (10)
- **5** Valgada do Campus
- **6** Biblioteca Intercentros e Cactus
- **8** IBADER
- **10** Fac. de Ciencias
- **11** Pavillón de Deportes



Distancia 2.034 metros

N - VI

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Ximnospermas

Nome científico: ***Thuja plicata*** **J. Donn ex Don.**

Familia: **Cupressaceae**

Nome común:

galego	Tuia xigante
castelán	Tuya gigante
inglés	Western red cedar

Orixe xeográfica: **Costa occidental de Norteamérica**

Valores ornamentais: **Porte piramidal, cromatismo segundo cultivares**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar gran porte (60 m), de copa densa e piramidal. Follas verdosas, amareladas ou glaucas, escuamiformes, con bandas brancas na parte inferior, en disposición oposta decusada sobre os poliñas, conferíndolles un aspecto aplanado. Flores masculinas pequenas e amarelas, as femininas erectas, dando lugar a piñas ovoideo-oblongas duns 1,5-3 cm e formadas por 4-10 pares de escamas. Os poliñas desprenden un característico cheiro a mazá ao apertalos.

Observacións

Na lingua nativa dos indios norteamericanos “thyou” significa árbore que produce resina. A súa madeira aromática é unha das máis resistentes á intemperie, polo que nos seus países de orixe é moi empregada en travesas de ferrocarril. Actualmente existen grandes áreas repoboadas de tuia en Canadá, onde desde antigo as tribos nativas usaron a súa madeira para a construción de kaiaks, frechas, canas de pescar, etc. No Campus lucense é frecuente o cultivar ‘Zebrina’.

Thuja plicata ‘Zebrina’

Bandas brancas da parte inferior dos poliñas de *T. plicata*

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (5)

3 Escola Politécnica Superior (3)

5 Valgada do Campus (5)

10 Fac. de Ciencias (2)

Distancia 2.034 metros

N - VI

Vexetación

Ximnosperma · Anxiosperma · Árbol monumental · Masa arborada

Camiños

Beirarrúa · Asfaltado · Senda · Cuberto · Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Magnólidas

Nome científico: ***Laurus nobilis*** **L.**

Familia: **Lauraceae**

Nome común:

galego	**Loureiro, loureiro común, loureiro bendito**
castelán	**Laurel**
inglés	**Laurel tree, Sweet bay**

Orixe xeográfica: **Rexión mediterránea**

Valores ornamentais: **Boa resposta a poda. Formación de sebes densas. Floración intensa**

Descrición botánica

Arboriña dioica que non adoita exceder os 10 m, a miúdo arbustivo. Copa densa. Cortiza fina e grisáceo-negruzca. Follas simples, alternas e persistentes, oblongo-lanceoladas, verde escuras pola face, algo máis claras polo envés, de marxe ondulada e intensamente aromáticas. Flores brancas ou amareladas dispostas en umbelas. O froito é unha baga elíptica e negruzca de 1-1,5 cm de lonxitude.

Observacións

Apreciada como ornamental, tamén se lle atribúen propiedades medicinais. As súas follas teñen uso culinario. Pola súa gran difusión como planta de uso relixioso é difícil precisar con exactitude a súa área de distribución natural. Sábese da súa existencia na Península Ibérica desde épocas antigas como integrante da laurisilva, un tipo de bosque termófilo propio de ambientes umbrosos formado por especies de folla perenne. En Galicia é frecuente atopalo espontáneo en lugares que gocen dun alto grao de humidade e temperaturas suaves, como as ribeiras dos ríos, cantís litorais ou bosques a baixa altitude. Bos exemplos de lauredais galegos pódense atopar no Parque Natural das Fragas do Eume (inmediacións do mosteiro de Caaveiro) e a Illa de Cortegada (Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia).

Follas de marxe ondeada de *Laurus nobilis*

Flores dun ramiño aínda pechadas

Sectores

1 Av. Pablo Iglesias e Carvalho Calero (1)

2 Fac. de Veterinaria (10)

5 Valgada do Campus (1)

8 IBADER (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Monocotiledóneas

Nome científico: *Cordyline australis* (G. Forst.) Endl.

Familia: Dracaenaceae

Nome común:

galego	**Drácena, cordilina, cordilina de Nova Zelandia**
castelán	**Cordiline, drácena, árbol repollo**
inglés	**Cabbage tree, dracaena**

Orixe xeográfica: Nova Zelandia

Valores ornamentais: Aspecto de palmeira

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar os 20 m de altura. Frecuentemente multicaule. Copa redondeada, acentuada nos pés de varios troncos. Cortiza gris-clara cuarteada. Follas lineares, espadiformes, fibrosas e flexibles, de ata 1 m de longo por 7 cm de ancho. Flores en panícula de gran tamaño, ata 1,5 m de longo. O froito é unha baga carnosa e esbrancuxada duns 0,6 cm de diámetro.

Observacións

Especie que sobrevive principalmente como ornamental, xa que en Nova Zelandia as súas poboacións naturais foron moi castigadas polos aborixes, que a aproveitaron como fonte de alimento e fibras téxtiles, e recentemente pola enfermidade causada polo patóxeno *Phytoplasma australiense*.

Exemplar multicaule de *Cordyline australis*

Froitos de *C. Australis*

Flores de *C. Australis*

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (2)

8 IBADER (1)

9 Fac. de Empresariais (4)

10 Fac. de Ciencias (8)

Distancia 2.034 metros

N - VI

Vexetación

Ximnosperma · Anxiosperma · Árbol monumental · Masa arborada

Camiños

Beirarrúa · Asfaltado · Senda · Cuberto · Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Monocotiledóneas

Nome científico: *Phormium tenax* J.R. Forst. & G. Forst. 'Variegatum'

Familia: Xanthorrhoaceae

Nome común:

galego	**Liño de Nova Zelandia**
castelán	**Lino de Nueva Zelanda**
inglés	**New Zealand flax**

Orixe xeográfica: Nova Zelandia e illa de Norfolk

Valores ornamentais: Aspecto tropical e exótico. Moi empregada xunto a palmeiras

Descrición botánica

Planta herbácea de ata 3 m de alto provista de rizoma. Follas en roseta basal, cintiformes agudas e coriáceas, coa punta xeralmente caída polo seu propio peso, de ata 3 m de longo por 10 cm de ancho e coloración verde escura; as do cultivar 'Variegatum' provistas de bandas lonxitudinais máis claras. Inflorescencia en panícula terminal e froito en cápsula.

Observacións

O seu principal uso é o ornamental, sendo especialmente apreciados os cultivares con raiados foliares lonxitudinais. Tradicionalmente, as súas follas foron empregadas para a obtención de fibras coas que se elaboraban tecidos e cordas.



Aspecto de *Phormium tenax*

Detalle da flor



Flores en panícula terminal

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (2)

3 Escola Politécnica Superior (2)

5 Valgada do Campus (1)

10 Fac. de Ciencias (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Platanus orientalis*** **L.**

Familia: **Platanaceae**

Nome común:

galego	**Plátano, plátano de paseo, plátano de sombra**
castelán	**Plátano, plátano de paseo, plátano de sombra**
inglés	**London plane**

Orixe xeográfica: **Península Balcánica e Himalaia**

Valores ornamentais: **Copa ampla e porte robusto. Casca punteada. Soporta ben a poda**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar gran altura (35 m) e grosor de diámetro. Copa ampla. Casca branco-grisácea que se desprende en placas elíptico-irregulares mostrando a casca interna de cor verdoso-amarelado. Follas grandes, simples, alternas, caedizas, palmatífidas, longamente pecioladas, presentando o limbo unha vaina ensanchada na base. As follas son inicialmente moi tomentosas por ambas as caras, despois verde brillantes pola face, máis claras polo envés, con 3-7 lóbulos, en ocasións dentados. Flores en inflorescencias esféricas péndulas. Os froitos, secos, aparecen reunidos en infroitescencias (poliaquenios) pilosas duns 2-3 cm de diámetro.

Observacións

Existe gran controversia en torno a orixe xeográfica e taxonomía desta especie. Os individuos presentes no Campus de Lugo poderían incluírse no que diversos autores denominan *Platanus hispanica* Mill ex Münchh., suposto híbrido de *Platanus orientalis* L. e *P. occidentalis* L. Nembargantes, preferiuse seguir a Ginés López e catalogalos como *Platanus orientalis*. O plátano é unha especie moi empregada en xardinaría pola súa rusticidade e boa resposta á poda, en ocasións abusiva. Os seus froitos, provistos de numerosos pelos urticantes, teñen un forte carácter alérxeno para moitas persoas.

Copa ampla dun exemplar novo de *Platanus orientalis*

Inflorescencias colgantes

Detalle da casca

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (1)

3 Escola Politécnica Superior (12)

5 Valgada do Campus (5)

6 Biblioteca Intercentros e Cactus (1)



Distancia 2.034 metros

N - VI

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Liquidambar styraciflua*** **L.**

Familia: **Hamamelidaceae**

Nome común:

galego	Liquidámbar
castelán	Liquidámbar, árbol del ámbar, estoraque
inglés	American sweetgum, redgum, bilsted

Orixe xeográfica: **Sureste de E.E.U.U., México, Guatemala e Honduras**

Valores ornamentais: **Porte piramidal. Coloración outonal das follas de amarelada a avermellada**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar gran altura (35 m). Copa oblonga-piramidal. Follas simples, alternas e caedizas, longamente pecioladas, palmeado-lobuladas, con 5-7 lóbulos finamente aserrados, ás veces en fascículos sobre as poliñas, que co tempo desenvolven unha casca acostelada e corchosa. Inflorescencias femininas globosas e longamente pecioladas, as masculinas reunidas en acios terminais. Os froitos son esferas capsulares de cor marrón, espiñentas, duns 4 cm de diámetro, que permanecen na árbore tras a caída das follas, para posteriormente abrirse por dúas valvas liberando así numerosas sementes aladas.

Observacións

O seu nome significa ámbar líquido, xa que da súa casca e madeira obtense unha resina de aroma doce moi empregada tradicionalmente nos países dos que procede a especie para realizar curas ou aromatizar. Nos pobos indíxenas guatemaltecos é frecuente mascar esta goma para a hixiene dental. As sementes, ricas en ácido siquímico, foron empregadas na elaboración de medicamentos fronte a diversas afeccións gripais como a recente gripe A.



Lyquidambar styraciflua da Escola Politécnica Superior

Follas e froitos de Liquidambar

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (6)

3 Escola Politécnica Superior (2)

5 Valgada do Campus (3)

9 Fac. de Empresariais (3)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Populus alba*** **L.**

Familia: **Salicaceae**

Nome común:

galego	Álamo branco, chopo prateado
castelán	Álamo, álamo blanco, álamo albar, chopo blanco, álamo plateado
inglés	White poplar

Orixe xeográfica: **Sur e centro de Europa, Rusia, Persia, India, Asia Central, norte de África**

Valores ornamentais: **Casca e pólas esbrancuxadas. Coloración prateada das follas. Porte columnar na var.** ***pyramidalis***

Descrición botánica

Árbore dioica de gran porte. Casca lisa, esbrancuxada, rachada lonxitudinalmente nos individuos vellos. Polo menos na parte baixa do tronco, nas cicatrices das polas quedan unhas características marcas negras en forma de ollos. As follas son polimorfas, de limbo dentado-anguloso ou palmeado-lobulado e acorazonadas na base, co envés níveo, tomentoso. Nos brotes de alongamento adoitan presentar maior tamaño. As dos braquiblastos son de menor tamaño, redondeadas a aovado-lobuladas con tomento do envés máis curto e menos duradeiro. Flores precoces, en amentos colgantes.

Observacións

A madeira do álamo é empregada para carpintaría lixeira e produción de pasta. A pesar de ser unha especie que na natureza aparece ligada aos cursos de auga, o seu uso como ornamental está moi difundido, debido en parte ao seu rápido crecemento e bo establecemento en condicións ecolóxicas moi diversas, o que unido á súa facilidade para propagarse fixeron desta especie unha praga nalgúns países como Chile. Os exemplares do campus pertencen maioritariamente á variedade columnar *Pyramidalis,* orixinaria de Turkestán, e unha das máis empregadas en xardinaría, pola súa copa con ramificación en candelabro desde a parte inferior do tronco, aínda que é pouco lonxeva e adoita podrecer ao redor dos 20-30 anos tendo problemas de derrubas por vento.

Populus alba de porte columnar

Amentos masculinos colgantes

Follas polimorfas de envés níveo

Detalle da casca

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (4)

3 Escola Politécnica Superior (6)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Salix atrocinerea*** **Brot.**

Familia: **Salicaceae**

Nome común:

galego	Salgueiro, salgueiro negro
castelán	Sauce, salce, bardaguera, sarga negra, sauce ceniciento
inglés	Large gray willow, common willow

Orixe xeográfica: **Península Ibérica, Marrocos e sur de Francia**

Valores ornamentais: **Ten interese para proporcionar sombra en zonas axardinadas de estanques, lagoas, etc.**

Descrición botánica

Pequena árbore dioica que non adoita alcanzar os 10 m de altura. Copa abundantemente ramificada. Casca gris escura fisurada lonxitudinalmente. Follas simples, alternas, caedizas, trasovadas, en ocasións algo lanceoladas, de bordo enteiro ou suavemente dentado, moi tomentosas inicialmente, verde-escuras polo face, glaucas e conservando un tomento ferruxento polo envés. Flores en amentos precoces.

Observacións

Das preto de 25 especies de salgueiros, sen contar híbridos, presentes en la Península Ibérica, ésta é posiblemente a máis amplamente distribuída, existindo constancia de súa presenza en todas as provincias españolas. A diferenza doutros salgueiros, esta especie non proporciona poliñas aptas para a cestaría (vimbio), aínda que a súa madeira, fácil de curvar, empregouse para a elaboración de bastóns.

Exemplares esveltos de *Salix atrocinerea*

Amentos masculinos

Sectores

- **4** Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (2)
- **5** Valgada do Campus (1)
- **8** IBADER (2)
- **11** Pavillón de Deportes (9)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Salix babylonica*** **L.**

Familia: **Salicaceae**

Nome común:

galego	Salgueiro chorón
castelán	Sauce llorón, llorón, desmayo
inglés	Weeping willow

Orixe xeográfica: **Asia**

Valores ornamentais: **Gran copa de aspecto chorón e coloracións douradas**

Descrición botánica

Árbore dioica que pode chegar a alcanzar os 15 m de altura. Copa ampla de aspecto chorón. Casca pardo-escura fendida lonxitudinalmente desde os primeiros anos de idade. Follas simples, alternas, caedizas, linear-lanceoladas, acuminadas e aserradas, de coloración verde claro polo face, glaucas polo envés, con certa pubescencia inicial. Forte carácter chorón ata o punto de atopar exemplares tocando o chan. Flores en amentos coetáneos.

Observacións

Especie moi empregada en xardinaría polo seu aspecto chorón, que se adoita potenciar mediante podas, en ocasións abusivas. Aínda que se pensa que esta especie tiña un importante papel nos "Xardíns colgantes de Babilonia", unha das sete Marabillas do Mundo Clásico e a denominación específica fai referencia a ese país (*babylonica*), a súa orixe non é Mesopotamia, senón Extremo Oriente.

Exemplar de gran porte de *Salix babylonica* que acubilla baixo a súa copa diversas especies arbustivas

Poliña colgante con amentos masculinos de *Salix babylonica*

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (8)

3 Escola Politécnica Superior (10)

5 Valgada do Campus (6)

10 Fac. de Ciencias (2)

Distancia 2.034 metros

N - VI

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Albizia julibrissin*** **(Willd.) Durazz.**

Familia: **Fabaceae**

Nome común:

galego	**Acacia de Constantinopla**
castelán	**Acacia de Constantinopla, árbol de la seda**
inglés	**Mimosa, silk tree, silky acacia**

Orixe xeográfica: **Desde Irán a Etiopía e desde China até Xapón**

Valores ornamentais: **Porte elegante, vistosidade das flores que constitúen un reclamo para los insectos**

Descrición botánica

Árbore de porte baixo e copa ampla. Casca orixinalmente gris, verdosa e rasgada conforme envellece. Follas bipinnadas, alternas e caedizas, con 6-12 pares de pinnas, cada unha delas provista de ata 30 pares de folíolos oblicuos e en ocasións pilosos, que se pregan para xuntarse cos da súa mesma pinna durante a noite. Flores apétalas, dispostas en capítulos densos, con aspecto esfiañado, polo xeral de coloración rosada, aínda que existen multitude de variedades. O froito é un legume colgante de ata 20 cm de lonxitude.

Observacións

Aínda que nas nosas latitudes o seu uso é puramente ornamental, a acacia de Constantinopla é planta melífera que produce uns legumes aptos para o consumo principalmente do gando, tradicionalmente empregadas nos países da súa área de distribución natural. Pódese atopar asilvestrada no litoral levantino.

Porte de *Albizia julibrissin*

Detalle da flor

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Robinia pseudoacacia*** **L.**

Familia: **Fabaceae**

Nome común:

galego	**Falsa acacia, robinia**
castelán	**Acacia blanca, acacia de flor, falsa acacia, pan y quesillo, robinia**
inglés	**Black locust**

Orixe xeográfica: **Mitade atlántica norteamericana**

Valores ornamentais: **Floración vistosa e olorosa. Soporta ben a poda**

Descrición botánica

Árbore de talla media que pode alcanzar os 20 m de altura. Copa aberta. Casca pardo-avermellada, pardo-grisácea co paso do tempo, con costelas lonxitudinais. Pólas xeralmente provistas de espiñas. Follas coa base do pecíolo engrosada, imparipinnadas, alternas, caedizas, con 3-11 pares de folíolos elípticos, lixeiramente peciolulados, de bordo enteiro, mucronados no ápice, ás veces escotados, de coloración verde brillante polo face, verde-glaucos polo envés, podendo presentar pubescencia pouco densa. Flores con corola papilionada branca, dispostas en densos acios colgantes. Froito en legume seco, glabro, de cor parda e lonxitude variable, ata 15 cm.

Observacións

Especie moi empregada en xardinaría. En Galicia, como noutras comunidades, asilvestrouse, sendo frecuente vela en noiros ou zonas avesías e húmidas, onde chega a desprazar ás especies preexistentes, motivo polo cal está actualmente considerada como invasora, quedando prohibido o seu emprego en repoboacións forestais. O nome castelán "pan y quesillo" fai referencia ao gusto das súas flores tenras, olorosas, melíferas e aptas para o consumo. No Campus de Lugo pódese atopar o cultivar 'Umbraculifera', de copa netamente redondeada.

Robinia pseudoacacia 'Umbraculifera'

Detalle da casca

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (6)

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (1)

5 Valgada do Campus (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Wisteria sinensis*** **(Sims.) Sweet**

Familia: **Fabaceae**

Nome común:

galego	Glicinia
castelán	Glicinia, flor de la pluma
inglés	Chinese wisteria

Orixe xeográfica: **China**

Valores ornamentais: **Floración vistosa branca o azulada. Formación de recubrimentos en muros e teitumes**

Descrición botánica

Arbusto trepador que alcanza grandes recubrimentos e alturas (20 m). Casca pardo-grisácea escura. Follas imparipinnadas, alternas, caedizas, folíolos xeralmente numerosos (19), oval-lanceolados, agudos, verde brillantes e con certa pubescencia que desaparece pronto. Flores brancas ou azul-violeta papilionadas, en acios colgantes que poden alcanzar os 30 cm de lonxitude. Froito único en legume de ata 13 cm de lonxitude.

Observacións

Polo seu carácter gabeador e floración vistosa é unha especie moi empregada como ornamental en pérgolas, miradoiros e cerramentos. As súas sementes e vainas son moi velenosas.

Wisteria sinensis en flor

Detalle da flor azul-violeta

Flores brancas

Sectores

1 Av. Pablo Iglesias e Carvalho Calero (2)

2 Fac. de Veterinaria (4)

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (2)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Betula pendula*** **Roth.**

Familia: **Betulaceae**

Nome común:

galego	**Bidueiro, bídalo, bidueira, abidueira**
castelán	**Abedul**
inglés	**Birch**

Orixe xeográfica: **Europa, oeste de Siberia, Cáucaso, Irán, Anatolia e norte de Marrocos**

Valores ornamentais: **Coloración outonal das follas. Carácter péndulo das polas terminais. Cor da casca**

Descrición botánica

Árbore de ata 20 m. Copa redondeada. Casca branca ou branco amarelada de carácter papiráceo, que vai desaparecendo coa idade ata volverse pardo-negruzca. Follas simples, alternas, caedizas, limbo de tendencia romboidal, co bordo aserrado ou dobremente aserrado, verde lustrosas polo face, verde claro polo envés. Follas, pecíolo e poliñas glabras. Flores masculinas en amentos colgantes precoces, as femininas en amentos erectos coetáneos. Froitos secos, provistos de 2 pequenas ás, no superando o conxunto os 2-3 mm.

Observacións

O xénero *Betula* presenta complicacións taxonómicas. A gran variabilidade dos taxóns fai que nos atopemos individuos de poliñas colgantes, principal característica de *B. pendula,* cuxos restantes caracteres identificativos correspóndense cos de *B. pubescens* e viceversa. Dentro do territorio ibérico están descritas 2 subespecies, a subsp. *pendula* presente nos Pirineos e a subsp. *fontqueri* das montañas do sureste peninsular.

Aspecto péndulo de *Betula pendula*

Casca papirácea

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (2)

6 Biblioteca Intercentros e Cactus (2)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Betula pubescens*** **Ehrh.**

Familia: **Betulaceae**

Nome común:

galego	**Bidueiro, bídalo, bidueira, abidueira**
castelán	**Abedul**
inglés	**Birch**

Orixe xeográfica: **Europa ata a metade norte de España, centro e norte de Asia**

Valores ornamentais: **Coloración outonal das follas. Cor da casca.**

Descrición botánica

Árbore de ata 20 m. Copa ampla con tendencia a cónico-piramidal. Casca branca ou branco amarelenta de carácter papiráceo, que vai desapareciendo coa idade ata volverse pardo-negruzca. Follas simples, alternas, caedizas, limbo de tendencia romboidal, co bordo aserrado ou dobremente aserrado, verde lustrosas pola face, verde claro polo envés. As follas, peciolo e polas novas presentan certa pilosidade, que non ten por que manterse ao desenvolverse. Flores masculinas en amentos colgantes precoces, las femeninas en amentos erectos coetáneos. Froitos secos, provistos de 2 pequenas ás, non superando o conxunto os 2-3 mm.

Observacións

A actualmente denominada *Betula pubescens* segundo o ICBN (International Code of Botanical Nomenclature) correspóndese coa especie ata hai pouco coñecida como *Betula alba*, cuxo nome facía referencia á súa casca branca (*alba*). Especie capaz de medrar en condicións ambientais moi diversas, no territorio galego aparece tanto en enclaves húmidos como bosques de ribeira ou zonas pantanosas, como matogueiras colonizadoras de zonas queimadas. A súa madeira foi empregada para a fabricación de zocas e madroñas. No norte de Europa é unha importante especie madeireira, ocupando grandes extensións nos países escandinavos.

Betula pubescens

Amentos masculinos

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (1)

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (1)

5 Valgada do Campus (3)

11 Pavillón de Deportes (7)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Corylus avellana*** **L.**

Familia: **Betulaceae**

Nome común:

galego	Abelaira, abeleira, abelaneira, abraira
castelán	Avellano
inglés	Hazel, hazelnut tree

Orixe xeográfica: **Europa, Asia Menor e Cáucaso**

Valores ornamentais: **Coloración das follas segundo variedades. Floración chamativa.**

Descrición botánica

Especie polo xeral de porte arbustivo, aínda que pode alcanzar os 8-10 m de altura. Casca lisa, pardo-avermellada, que se agreta coa idade. Poliñas inicialmente pubescentes, pardo-avermelladas con abundantes lenticelas brancas, ao perder a pubescencia. Follas de tacto áspero, simples, alternas, caedizas, amplamente trasovadas, algo acorazonadas na base, acuminadas, dobremente aserradas na marxe, pubescentes nas dúas caras ao agromar, para finalmente conservar pilosidade tan só no envés. Flores precoces, monoicas, as masculinas en amentos colgantes e as femininas na axila dunha bráctea. Os froitos, as abelás, presentan unha cuberta leñosa e están rodeados por un involucro membranoso, urceolado ou acampanado.

Observacións

A pesar de que en ocasións se tratou a abeleira en monte baixo para os aproveitamentos dos seus rebrotes como varetas apreciadas para tonelaría e cestaría, sen dúbida o seu maior interese para o home reside na produción de abelá. En España a partir do século XIX o cultivo da abeleira substituíu en moitas zonas á vide durante a crise producida pola filoxera. Na actualidade España é un dos principais produtores deste froito seco de toda Europa, situándose as maiores produción na comunidade catalá. A abelá é moi apreciada en repostaría para o seu uso tanto crúa como tostada, o seu aceite é bo combustible.

Amentos masculinos de *Corylus avellana*

Avelás inmaduras

Sectores

6 Biblioteca Intercentros e Cactus (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Castanea sativa*** **Mill.**

Familia: **Fagaceae**

Nome común:

galego	Castañeiro, castiñeiro, castiro
castelán	Castaño
inglés	Sweet chesnut

Orixe xeográfica: **Península Ibérica, sur de Europa desde Francia até o Mar Caspio, Hungría a Alxeria e franxa mediterránea de Marrocos**

Valores ornamentais: **Porte robusto e copa ampla vistosa durante a floración e froitificación. Coloración foliar outonal**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar os 30 m de altura, en ocasións multicaule polo seu bo rebrote. Casca lisa, que vai rachando lonxitudinalmente e escurecendo coa idade. Follas simples, alternas e caedizas, duns 10 a 25 cm de lonxitude, oblongo lanceoladas, crenadas ou aserradas. Amentos masculinos finalmente amarelados duns 10 a 30 cm de lonxitude. As cúpulas van adquirindo unha coloración acastañada coa madurez, á vez que se desenvolven unhas espiñas longas, dando lugar ao coñecido ourizo que contén polo xeral tres castañas, cuxa morfoloxía varía segundo a variedade.

Observacións

Do castaño son apreciados tanto a súa madeira, empregada en carpintaría, construción, tonelaría ou cestaría, como o su froito. As castañas constituíron a base alimenticia das rexións centro-norte e noroeste da Península Ibérica desde a Idade Media ata a introdución da pataca e o millo. A pesar de ser frecuente vincular a súa orixe peninsular ao pobo romano, hoxe en día, grazas á Palinoloxía (rama da Botánica encargada do estudo do pole), tense constancia da presenza de *Castanea sativa* na Península Ibérica desde hai polo menos 40.000 anos. Actualmente dúas grandes enfermedades afectan á especie. A primeira e máis agresiva é a tinta, causada por diferentes fungos do xénero *Phytophthora*. Na loita contra esta enfermidade introducíronse castiñeiros resistentes xaponeses (*C. crenata*) e chineses (*C. mollisima*). Con todo, o clima das rexións centro e sur peninsulares non era apropiado para estes castiñeiros, polo que se probou *C. dentata* de orixe norteamericana, introducíndose así a segunda de las pragas, o chancro (*Cryphonectria parasitica*).

Copa ampla dun exemplar solitario de *Castanea sativa*

Aspecto da copa en época de floración



Exemplares enxertados de porte decrépito

Detalle dos amentos enxertados de porte decrépito

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (10)

4 4: Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (1)

5 Valgada do Campus (10)

6 Biblioteca Intercentros e Cactus (30

8 IBADER (3)

9 Fac. de Empresariais (16)

11 Pavillón de Deportes (3)

Distancia 2.034 metros

N - VI

Vexetación

Ximnosperma · Anxiosperma · Árbol monumental · Masa arborada

Camiños

Beirarrúa · Asfaltado · Senda · Cuberto · Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Fagus sylvatica*** **L.**

Familia: **Fagaceae**

Nome común:

galego	Faia
castelán	Haya
inglés	Beech, common beech

Orixe xeográfica: **Centro e oeste de Europa**

Valores ornamentais: **Gran porte. Coloración outonal das follas. Cultivares con coloracións e morfoloxías foliares diversas**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar os 40 m de altura. Copa ampla globosa. Casca sempre lisa, inicialmente verdosa, gris-escura coa idade. Follas simples, alternas, caedizas, aínda que unha vez secas poden permanecer longo tempo sobre a árbore nos exemplares novos, de bordo sinuoso-ondulado, con peliños, limbo aovado-agudo. Flores masculinas en amentos globosos e colgantes, as femininas protexidas por un involucro. Os froitos (1 a 3) crecen protexidos por un involucro escamoso, denominándose fou ao conxunto.

Observacións

Especie moi apreciada pola súa madeira, goza tamén de recoñecemento como fonte de alimento para a fauna silvestre. En Galicia podemos atopala formando pequenos bosques nas serras orientais, onde parece estar presente desde fai miles de anos, en contra das hipóteses da súa expansión desde os Pireneos. Nos xardíns do IBADER crecen os dous exemplares desta especie presentes no Campus lucense, un deles pertencente ao cultivar 'Atropurpurea'.

Contraste cromático outonal entre *Fagus sylvatica* (dereita) e *F. sylvatica* 'Atrupurpurea' (esquerda)

Luz ao través das follas novas

Follas e fous de *Fagus sylvatica*

Sectores

8 IBADER (2)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: *Quercus pyrenaica* Willd

Familia: Fagaceae

Nome común:

- **galego** Cerquiño, cerqueiro, carballo cerquiño, carballo negro, rebolo
- **castelán** Roble, melojo, rebollo
- **inglés** Portuguese oak, Pyrenean oak

Orixe xeográfica: Sur de Francia, Península Ibérica e noroeste de Marrocos

Valores ornamentais: Porte robusto de copa ampla e tronco groso

Descrición botánica

Árbore de ata 25 m de altura, que desenvolve grandes diámetros. Copa ampla. Casca inicialmente grisácea, grisáceo-negruzca nos individuos máis vellos. Follas simples, alternas e caedizas, aínda que segundo as condicións climáticas do lugar onde habite poden tardar moito en desprenderse. Limbo foliar de bordo lobulado a pinnatífido, curtamente peciolado (2 cm) coa base cuneiforme. As follas presentan coloracións avermelladas nos primeiros estadios e pubescencia na madurez, o que lles confire un tacto que lembra ao do feltro. Flores masculinas en amentos colgantes, as femininas en pequenos glomérulos. Os froitos, landras, aparecen sentados ou sobre un curto pedúnculo rematado nunha cúpula pilosa.

Observacións

Especie con gran capacidade rebrotadora, feito ao que fai referencia a denominación "rebolo", do latín *repolum*, en alusión ao aspecto frondoso que presenta ao rebrotar. Crece espontánea, principalmente na metade oeste da Península Ibérica, hibridando con outros individuos doutras especies do xénero, como *Q. robur* ou *Q. petraea*, dando lugar a *Q.* x *andegavensis* e *Q.* x *trabutii* respectivamente. *Q. pyrenaica* foi obxecto de aproveitamento desde antigo, pola súa madeira de calidade e bo combustible.

Exemplar novo de *Quercus pyrenaica*

Detalle das follas pubescentes de *Quercus pyrenaica*

Sectores

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Quercus robur*** **L.**

Familia: **Fagaceae**

Nome común:

galego	Carballo, carballo veriño
castelán	Roble común
inglés	Oak, English oak, pedunculate oak

Orixe xeográfica: **Metade norte peninsular. Oeste, centro e norte europeo**

Valores ornamentais: **Porte maxestoso, fastixiado ou decrépito segundo exemplares ou tratamento recibido**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar grandes dimensións en altura (40 m), copa e diámetro. Cascaa grisácea ou cincenta nos individuos novos, que se vai rachando e escurecendo coa idade. Follas simples, alternas, caedizas, obovadas, de limbo lobulado e envés glabro, curtamente pecioladas (0,5-1 cm), presentando 2 aurículas na inserción peciolo-limbo. O froito, a landra, é un aquenio lustroso de cor castaña inserida nunha cúpula de escamas ovado-triangulares, longamente pedunculada.

Observacións

Aínda que as carballeiras son un dos bosques galegos máis coñecidos, o carballo atópase con distintos graos de representación na maioría das nosas formacións arboradas, estimándose que ocupa en torno ao 13 % da superficie total arborada de Galicia. Ademais, a foi plantado en parques e xardíns desde antigo, o que unido á súa extraordinaria lonxevidade propiciou que na actualidade podamos atopar un gran número de carballos declarados Monumento Natural. No Campus Universitario de Lugo pódense observar exemplares illados de ampla copa, masas relativamente novas onde o carballo crece xunto a individuos de bidueiro e castiñeiro, como a situada a carón da Biblioteca Intercentros, ou vellas, monoespecíficas, como a carballeira da Valgada, onde o aspecto demoucado e en ocasións decrépito dalgúns dos carballos responde o uso que deles se fixo no pasado como fonte de leñas. Ademais, nos xardíns da Escola Politécnica Superior, entrada do Edificio Cactus, ou fronte aos invernadoiros na Valgada, pódense contemplar exemplares de porte fastixiado, *Q. robur* 'Fastigiata'.



Quercus robur demoucados nunha das carballeiras do Campus lucense

Landras sobre pedúnculos longos

Pólas corpulentas

Sectores

- **2** Fac. de Veterinaria
- **3** Escola Politécnica Superior
- **4** Hospital Clínico Veterinario Rof Codina
- **5** Valgada do Campus
- **6** Biblioteca Intercentros e Cactus
- **7** Fac. de Humanidades
- **8** IBADER
- **10** Fac. de Ciencias
- **11** Pavillón de Deportes

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Quercus rubra*** **L.**

Familia: **Fagaceae**

Nome común:

galego	Carballo americano
castelán	Roble americano
inglés	Northern red oak

Orixe xeográfica: **Vertente este de Norteamérica**

Valores ornamentais: **Copa ampla con follaxe outonal de coloración avermellada**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar os 30 m de altura e gran grosor de tronco. Copa ampla. Casca grisácea e lisa ata moi avanzada idade. Follas simples, alternas, caedizas, glabras, lobuladas ata case a metade da distancia ao nervio central, de limbo verde brillante polo face, pálido polo envés, adquirindo tonalidades avermelladas antes de caer. Flores en amentos colgantes. Froitos, landras, con pedúnculo menor a 1 cm, de maduración bienal.

Observacións

Especie moi frecuente nos nosos parques e xardíns pola súa vistosa follaxe avermellada outonal. A súa madeira é obxecto de aproveitamento na súa área de distribución natural. En Galicia, onde se pode atopar asilvestrada, emprégase en repoboacións con fins comerciais polo seu crecemento máis acelerado que o dos carballos autóctonos, aínda que a diferenza destes, a súa madeira non é apta para doelas, sendo ademais de menor calidade. No Campus de Lugo hai 2 exemplares monumentais, un dos cales alcanza os 27 m de altura e supera o metro de diámetro normal.

Aspecto primaveral dos carballos americanos monumentais do Campus de Lugo



Tronco robusto de casca grisácea

Aliñamento de carballos americanos. Facultade de Empresariais

Follas de *Quercus rubra* comezando a virar a cor

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (6)

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (2)

5 Valgada do Campus (6)

6 Biblioteca Intercentros e Cactus (9)

10 Fac. de Empresariais (19)

Distancia 2.034 metros

N - VI

Vexetación

Ximnosperma · Anxiosperma · Árbol monumental · Masa arborada

Camiños

Beirarrúa · Asfaltado · Senda · Cuberto · Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Juglans regia*** **L.**

Familia: **Juglandaceae**

Nome común:

galego	**Nogueira, caroleira, concheiro, coucheira, noceira**
castelán	**Nogal, noguera**
inglés	**Common walnut, English walnut**

Orixe xeográfica: **Sur de Europa e oeste asiático, alcanzando o Himalaia**

Valores ornamentais: **Árbore robusta de copa ampla**

Descrición botánica

Árbore de talla media (25 m), copa ampla e tronco groso. Casca gris-prateada, inicialmente lisa, que se greta coa idade. Poliñas do ano glabras, verde-acastañadas, con lenticelas. Follas imparipinnadas, alternas e caedizas, con 5-9 folíolos oval-agudos, de bordo enteiro, polo xeral o terminal de maior tamaño. Flores monoicas, en amentos cilíndricos colgantes. Froitos reunidos en grupos de 2 a 4, con epicarpo de cor verde clara e punteado esbrancuxado, que escurece ao madurar e encerra a "noz", que se abre habitualmente por 2 valvas.

Observacións

Especie moi apreciada polo seu froito (noz) e madeira de gran calidade, que se endurece tras a cocción, adquirindo tonalidades avermelladas e veteado negruzco. É frecuente que nos troncos das nogueiras vellas se desenvolvan unhas verrugas e nodosidades, que confiren á súa madeira un debuxo moi apreciado en carpintaría. Aínda que hoxe en día é unha especie difícil de atopar nos nosos bosques, os rexistros polínicos indican a súa presenza na Península Ibérica desde hai máis de 40.000 anos, polo que se debe descartar o seu carácter foráneo.

Porte de *Juglans regia*

Amentos masculinos

Noces incipientes

Sectores

- **2** Fac. de Veterinaria (3)
- **3** Escola Politécnica Superior (1)
- **4** Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (1)
- **5** Valgada do Campus (4)
- **7** Fac. de Humanidades (1)
- **8** IBADER (1)
- **9** Fac. de Empresariais (1)
- **11** Pavillón de Deportes (12)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Elaeagnus pungens*** **Thunb**

Familia: **Elaeagnaceae**

Nome común:

galego	**Árbore do paraíso, eleagno**
castelán	**Árbol del paraíso, eleagno**
inglés	**Thorny elaeagnus, thorny olive, spoted elaeagnus**

Orixe xeográfica: **Xapón**

Valores ornamentais: **Follaxe vistosa segundo variedades. Floración outonal. Formación de sebes**

Descrición botánica

Arbusto espiñento que pode alcanzar os 4 m de altura. Copa aberta. Follas simples, alternas, perennes, coriáceas, ovaladas, coa marxe foliar enteiro e limbo de coloración verde brillante con punteado branco polo face, esbrancuxado con pintas negras polo envés. Flores pequenas (1 cm), olorosas, brancas, dispostas en fascículos axilares. Froito en drupa.

Observacións

Especie moi empregada en xardinaría para a formación de sebes, existindo multitude de cultivares, que polo xeral presentan regresión ou perda dos caracteres se non se controla a emisión de brotes cos caracteres típicos. Os seus froitos carnosos constitúen un apetecible reclamo para as aves.

Follas coriáceas, verde lustrosas con punteado branco de *Elaeagnus pungens*

Flores de *Elaeagnus pungens*

Froito de *Elaeagnus pungens*

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (1)

3 Escola Politécnica Superior (1)

Distancia 2.034 metros

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Cotoneaster simonsii*** **Baker**

Familia: **Familia: Rosaceae**

Nome común:

galego	Cotoneaster
castelán	Cotoneaster, guillomo
inglés	Simon's cotoneaster

Orixe xeográfica: **Himalaia**

Valores ornamentais: **Formación de sebes. Floración estival e froitificación outonal**

Descrición botánica

Arbusto de ata 3 m. Follas pequenas (3 cm) simples, alternas, caedizas, oval-acuminadas, cos nervios moi marcados, verde mate pola face, dun verde máis apagado a esbrancuxado e piloso polo envés. Flores pequenas brancas ou branco-rosadas. Froito tipo pomo, de aproximadamente 1 cm de diámetro, vermello intenso.

Observacións

Xénero con multitude de especies, variedades e cultivares empregados en xardinaría pola súa boa resposta a poda, floración e froitos vistosos.

Póla con follas e froitos de *Cotoneaster simonsii*

Froitos incipientes

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (1)

10 Fac. de Ciencias (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Crataegus monogyna*** **Jacq.**

Familia: **Rosaceae**

Nome común:

galego	**Estripeiro, escambrón, espiño albar**
castelán	**Espino albar, majuelo**
inglés	**Hawthorn, may bush, white thorn**

Orixe xeográfica: **Casi toda Europa e Asia**

Valores ornamentais: **Floración moi abundante. Soporta ben a poda. Empregada en sebes.**

Descrición botánica

Pequena árbore que non adoita superar os 10 m de altura. Copa aberta. Casca grisácea que se agreta coa idade. Polas provistas de espiñas curtas (3 cm). Follas simples, alternas, caedizas, a maior parte das veces trasovadas, lobuladas, co limbo verde brillante pola face, máis pálido polo envés, que presentan pubescencia inicial que se vai perdendo ata desaparecer totalmente na madurez. Flores con 5 pétalos brancos de menos de 1 cm, agrupadas en cimas. Froito de tipo pomo, avermellado ou negruzco con forma ovoidea de aproximadamente 1 cm de diámetro.

Observacións

Especie presente en toda a Península Ibérica formando parte do cortexo florístico de moi diversos tipos de bosques, entre os que se atopan os piñeirais, carballeiras ou bosques de ribeira, sendo moi típica nos límites das masas arboradas ou camiños. Os seus froitos, con altos contidos en vitamina C, son aptos para o consumo humano, aínda que son máis apetecidos polas aves. A súa madeira empregouse para a elaboración de bastóns, moi característicos por presentar avultamentos nos lugares correspondentes ás espiñas.

Floración de *Crataegus monogyna*

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (1)

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (1)

5 Valgada do Campus (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Prunus avium*** **L.**

Familia: **Rosaceae**

Nome común:

galego	Cerdeira, cereixeira, cereixal
castelán	Cerezo, cerecero, cerezal, cerezo de monte
inglés	Sweet cherry

Orixe xeográfica: **Oeste asiático**

Valores ornamentais: **Os froitos constitúen un reclamo para as aves.**
Coloración foliar otoñal

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar os 30 m de altura. Copa ampla, piramidal nos individuos novos, trasovada nos máis vellos. Casca lisa e grisácea, anelada, que se racha e escurece coa idade. Poliñas de crecemento avermelladas con abundantes lenticelas. Follas simples, alternas, caedizas, agrupadas en fascículos ao final das ramiñas ou dispersas polas pólas, limbo de morfoloxía oval, acuminadas, con bordos dobremente aserrados, verde brillante pola face, máis claras e pubescentes polo envés, provistas dun pecíolo longo (2-4 cm) avermellado con dous nectarios característicos da especie. Flores de ata 3 cm con 5 pétalos brancos ou branco-rosados. Froitos de coloración vermella escura na madurez, globosos, carnosos, de cutícula fina non pruinosa dispostos sobre un longo pedúnculo (4-6 cm) e polo xeral agrupados de 2 en 2.

Observacións

O epíteto *avium* fai referencia ao apetecidos que son os seus froitos para as aves (*avis*). Respecto á orixe da especie na península existen opinións enfrontadas, aínda que é certo que na actualidade atópase natural ou asilvestrada en todas as montañas do extremo norte e por tanto Galicia. Son famosos os cultivos do val do Jerte (Cáceres), cuxa floración a principios de primavera reúne cada vez a máis turistas. A súa madeira con suaves tonalidades avermelladas é moi apreciada en carpintaría. Na valgada do Campus de Lugo podemos atopar individuos de porte columnar do cultivar 'Fastigiata'.

Porte columnar de *Prunus avium* 'Fastigiata'

Detalle da casca

Nectarios da base das follas característicos de *Prunus avium*

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (1)

5 Valgada do Campus (6)

6 Biblioteca Intercentros e Cactus (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Prunus cerasifera*** **Ehrh.**

Familia: **Rosaceae**

Nome común:

galego	Cerdeira de Pissard, cerdeira de xardín
castelán	Ciruelo de Pissard, arañón, asarero, cerezo de jardín, mirobolano
inglés	Cherry plum, myrobolan

Orixe xeográfica: **Desde Asia central á Península Balcánica**

Valores ornamentais: **Floración precoz moi abundante. Coloración da copa moi intensa segundo variedades**

Descrición botánica

Árbore de porte baixo (9 m). Copa ancha. Casca gris-negruzca gretada coa idade. Follas simples, alternas, caedizas, elíptico-acuminadas, de bordo finamente aserrado, coa face de coloración inicialmente verde, púrpura na madurez, máis claras polo envés. Flores precoces de aproximadamente 2 cm de diámetro, brancas ou rosadas, con 5 pétalos. Froito tipo drupa de coloración vermella intensa.

Observacións

Os seus froitos teñen un gusto similar ao das ameixas, aínda que menos doce, sendo polo xeral inxeridas polos paxaros. No Campus podemos atopar exemplares de *P. cerasifera* 'Nigra', como os que percorren a Av. Carvalho Calero, caracterizados por presentar flores de coloración rosácea e follas dun púrpura máis intenso.



Prunus cerasifera 'Nigra' en flor



Coloración púrpura das follas do cultivar ‘Nigra’

Flores branquecinas

Floración espectacular dos exemplares da Av. Carvalho Calero

Sectores

1 Av. Pablo Iglesias e Carvalho Calero (42)

2 Fac. de Veterinaria (19)

3 Escola Politécnica Superior (3)

5 Valgada do Campus (2)

10 Fac. de Ciencias (18)

Distancia 2.034 metros

N - VI

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Prunus lusitanica*** **L.**

Familia: **Rosaceae**

Nome común:

galego	Acereiro
castelán	Laurel de Portugal, loro, palo de loro
inglés	Portugal laurel

Orixe xeográfica: **Península Ibérica, SO Francia, norte de Marrocos e Macaronesia**

Valores ornamentais: **Formación de sebes densas e perennes**

Descrición botánica

Especie polo xeral de porte arbustivo, aínda que se poden atopar exemplares de ata 15 m de altura. Copa densa. Casca negruzca. Follas simples, alternas, persistentes e coriáceas, oblongo-lanceoladas, acuminadas, co limbo aquillado respecto ao eixo central e marxe finamente aserrado, verde lustrosas pola face, algo máis claras e glaucas polo envés. Flores pequenas de coloración branca, dispostas en cimas racemiformes erectas. Froito negruzco ovoideo de aproximadamente 1 cm.

Observacións

Testemuña de antigos bosques lauroides da Península Ibérica, na actualidade a súa presenza redúcese a pequenos e dispersos enclaves avesíos, gargantas e barrancos da metade oeste peninsular. En Galicia está citada no río Arnoia e na Serra do Xurés.

Follas aquilladas de *Prunus lusitanica*

Exemplar con froitos de *Prunus lusitanica*

Sectores

6 Biblioteca Intercentros e Cactus (3)

11 Pavillón de Deportes (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Pyracantha angustifolia*** **(Franch.) C.K. Schneid**

Familia: **Rosaceae**

Nome común:

galego	**Espiño de fogo, piracanta**
castelán	**Espino de fuego, piracanta**
inglés	**Narrowleaf firethorn**

Orixe xeográfica: **China**

Valores ornamentais: **Floración vistosa e moi abundante. Responde ben á poda**

Descrición botánica

Arbusto que pode alcanzar os 3 m de altura. Follas linear-trasovadas, de ápice redondeado ou mucronado, coa marxe foliar algo recurvado cara abaixo, limbo foliar coa face de coloración verde brillante, envés branco-tomentoso. Flores brancas con 5 pétalos, abundantes e pequenas, dispostas en cimas corimbiformes. Froitos tipo pomo de diámetro inferior a 1 cm e coloración laranxa-amarelada.

Observacións

Especie de interese puramente ornamental, pola súa vistosa floración e froitificación. Os seus froitos constitúen un reclamo para as aves.

Follas e froitos de *Pyracantha angustifolia*

Froitos inmaduros

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Sorbus aucuparia*** **L.**

Familia: **Rosaceae**

Nome común:

galego	Capudre, cancereixo, cornabude, carnabudo, cornide, escornabois
castelán	Serbal de cazadores, serbal silvestre
inglés	European rowan, rowan, mountain ash

Orixe xeográfica: **Europa, Siberia, Cáucaso**

Valores ornamentais: **Floración e froitificación vistosas**

Descrición botánica

Árbore polo xeral de pouca altura, podendo alcanzar o 20 m. Copa trasovada. Casca lisa, asalmonada inicialmente, algo morada e agretada nos individuos vellos. Follas imparipinnadas, alternas, caedizas, con 5-9 pares de folíolos sentados, salvo o terminal que adoita ter un curto pecíolo, oblongo-lanceolados de marxe aserrado e coloración verde mate que vira a vermello-amoratada no outono. Flores con 5 pétalos brancuxos, agrupadas en cimas corimbiformes duns 15 cm de ancho. Os froitos son pequenos pomos, con 1 cm aproximadamente de diámetro, inicialmente amarelos ou alaranxados, vermellos cando están maduros.

Observacións

A multitude de especies de paxaros que roldan os seus froitos explican o nome castelán (“serbal de cazadores”) desta especie. Para o home é de maior interese a súa madeira, semellante á da cerdeira, que os propios froitos, non aptos para o consumo.

Sorbus aucuparia en flor

Flores agrupadas en cimas corimbiformes de *Sorbus aucuparia*

Froitos inmaduros

Froitos maduros

Sectores

11 Pavillón de Deportes

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Ulmus pumila*** **L.**

Familia: **Ulmaceae**

Nome común:

galego	Ulmeiro siberiano
castelán	Olmo siberiano, olmo enano
inglés	Chinese elm, Siberian elm, Russian white elm, dwarf elm

Orixe xeográfica: **Vertente oriental siberiana e norte de China até Turkestán**

Valores ornamentais: **Copa ampla. Sementes vistosas.**

Descrición botánica

Árbore de altura modesta, que non adoita superar os 15 m de altura. Copa pouco densa. Casca gris escura con gretas. Follas simples, alternas, caedizas, elíptico lanceoladas, de base asimétrica, co bordo aserrado, verdes pola face, máis claras e en ocasións pubescentes, polo envés. Flores precoces en glomérulos. Froitos en sámaras sentadas sobre as pólas, chegando a cubrilas completamente.

Observacións

Especie asilvestrada no noso territorio. É considerada invasora. Pola súa resistencia á grafiose, enfermidade causada polo fungo *Ophistoma ulmi*, que diezmou as poboacións naturais dos olmos autóctonos da Península Ibérica (*U. glabra* e *U. minor*), comezouse a empregar como substituta destes, sendo actualmente moi frecuente vela en parques, xardíns e avenidas, onde se pode apreciar a gran cantidade de individuos novos que crecen espontáneos aos seus pés.

Exemplar de copa ampla de *Ulmus pumila*

Sámaras

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (5)

3 Escola Politécnica Superior (6)

11 Pavillón de Deportes (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Lagerstroemia indica*** **L.**

Familia: **Lythraceae**

Nome común:

galego	**Árbore de Xúpiter**
castelán	**Árbol de Júpiter, júpiter**
inglés	**Crape, myrtle crape**

Orixe xeográfica: **China, Indochina, Himalaia**

Valores ornamentais: **Floración vistosa. Coloración da casca**

Descrición botánica

Arboriña polo xeral ramificado desde a base. Casca fina e lisa, inicialmente agrisada, que vai adquirindo tonalidades vermello-claras conforme se vai volvendo escamosa. Follas simples, alternas, caedizas, oblongo-elípticas, frecuentemente pubescentes nos nervios do envés. Flores en panícula piramidal terminal, con pétalos de cor vermella a esbrancuxado segundo variedades e bordo crispado.

Observacións

Especie que pola súa rusticidade, abundante floración estival, boa resposta ás podas e fácil propagación, goza dunha longa tradición como ornamental, motivo polo que se poden atopar individuos adultos en xardíns de certa idade.

Flores en panícula terminal de *Lagerstroemia indica*

Detalle das follas oblongo-elípticas de *Lagerstroemia indica*

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Hibiscus syriacus*** **L.**

Familia: **Malvaceae**

Nome común:

galego	**Hibisco**
castelán	**Rosa de Siria, hibisco, altea**
inglés	**Shrub althea, rose of Sharon**

Orixe xeográfica: **Suroeste asiático**

Valores ornamentais: **Floración vistosa**

Descrición botánica

Arboriña de non máis de 3 m de altura, con polas erectas. Follas simples, alternas e caedizas, triangular-ovais, con tres nervios moi marcados, enteiras ou trilobuladas e fortemente dentadas. Flores solitarias de coloración variable segundo variedade, grandes (6 cm de diámetro), con cinco pétalos e cinco sépalos libres, sobre os que emerxe unha longa columna esbrancuxada formada polos estames.

Observacións

Flor nacional de Corea do Sur, o hibisco é unha especie moi empregada en xardinaría, da que existen multitude de variedades ornamentais. Do mesmo xeito que outras especies do seu xénero, é moi rico en mucilaxes, polo que se emprega frecuentemente para o coidado da pel. Tamén é apreciado pola súa aptitude como sustancia diurética preparado en infusión.

Detalle dunha variedade de *Hibiscus syriacus* con flor branca

Variedade de flor morada

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (6)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Tilia platyphyllos*** **Scop.**

Familia: **Malvaceae**

Nome común:

galego	Tileiro de folla grande
castelán	Tilo, tilo común, tilo mayor, tilo blanco
inglés	Large-leaved lime

Orixe xeográfica: **Centro e sur de Europa e oeste asiático**

Valores ornamentais: **Cromatismo foliar, abundante floración e froitificación rechamante**

Descrición botánica

Árbore de ata 40 m de altura. Copa ampla. Casca agrisada e gretada lonxitudinalmente. Follas simples, alternas, caedizas, aovadas ou redondeadas, bruscamente acuminadas, de bordo aserrado, oblicuamente acorazonadas na base, limbo de coloración verde, máis claras polo envés e con pubescencia verdosa, principalmente na base dos nervios. Flores brancas en cimas longamente pedunculadas e provistas dunha bráctea (tila). Froito seco e indehiscente, globoso ou ovalado duns 0,5 cm e provisto de 4-5 costelas que o percorren lonxitudinalmente.

Observacións

Pouco frecuente na Península Ibérica. En Galicia non se coñece como espontánea, a pesar de ser abundante nos territorios próximos asturianos e leoneses. Crece espontánea en barrancos ou bosques de ribeira, chegando mesmo a formar pequenos rodais. Por decocción das súas inflorescencias obtense a tila, infusión con propiedades dixestivas e sedantes. A súa madeira lixeira e algo aromática é moi fácil de tallar, sendo por este motivo moi apreciada en Centroeuropa para a fabricación de colmeas artificiais e caixas de resonancia de instrumentos musicais.

Porte dos *Tilia platyphyllos* da Facultade de Veterinaria

Follas e froitos

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (13)

5 Valgada do Campus (11)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Acer negundo*** **L.**

Familia: **Sapindaceae**

Nome común:

galego	Negundo
castelán	Arce negundo, arce americano, arce de hoja de fresno, bordo
inglés	Boxelder

Orixe xeográfica: **Norte e Centroamérica**

Valores ornamentais: **Copa densa que proporciona boa sombra**

Descrición botánica

Árbore dioica que non adoita alcanzar gran tamaño (15 m), de copa redondeada e moi ramificada. Casca lisa de coloración agrisada. Follas compostas, imparipinnadas, opostas e caedizas, con 3 a 5 folíolos oblongos, dentados, lixeiramente acuminados, verde mate pola face, algo brancuxos e tomentosos polo envés. Os froitos, dispostos en acios colgantes, son disámaras coas ás dispostas en ángulo agudo entre si e estreitadas cara á base.

Observacións

Polo seu rápido crecemento, fácil multiplicación (semente, estaquiña) e resistencia á seca é unha especie moi empregada en xardinaría, podendo atoparse asilvestrada na península. É pouco lonxevo, non superando polo xeral os 80 anos de idade. A súa madeira dura, lixeira e de gran fino é apta para ebanistería e empregouse en ocasións para a construción de instrumentos musicais, aínda que en menor medida que a doutros parentes do xénero. Tampouco se aproveita o seu zume. O seu carácter dioico é unha excepción dentro do xénero. Especie incluída na listaxe de especies con potencial invasor.

Copa redondeada de *Acer negundo*



Follas imparipinnadas

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (5)

5 Valgada do Campus (6)

11 Pavillón de Deportes (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Acer platanoides*** **L.**

Familia: **Sapindaceae**

Nome común:

galego	Pradairo
castelán	Arce
inglés	Norway maple

Orixe xeográfica: **Europa, Cáucaso y Armenia**

Valores ornamentais: **Proporciona boa sombra. Cultivares con coloracións foliares diversas**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar os 25 m de altura. Copa ovalada. Casca agrisada que se agreta lonxitudinalmente coa idade. Follas simples, opostas e caedizas, palmeado-lobuladas, xeralmente verdes e glabras por ambas as caras, aínda que varía segundo o cultivar, compostas por 5 lóbulos acuminados. Flores coetáneas. Froito en disámara oposta formada por dúas longas ás non estreitadas na base.

Observacións

Os diversos cultivares da especie son moi empregados en xardinaría. Especie autóctona na Península Ibérica, a súa presenza redúcese aos Pireneos e montañas Vasco-Cantábricas.

Exemplar de *Acer platanoides*

Disámaras con ás dispostas opostamente

Sectores

5 Valgada do Campus (3)

8 IBADER (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Acer pseudoplatanus*** **L.**

Familia: **Sapindaceae**

Nome común:

galego	**Pradairo, pradia, pravia**
castelán	**Arce, arce blanco, falso plátano, sicomoro**
inglés	**Great maple, sycamore maple**

Orixe xeográfica: **Centro e sur de Europa, Cáucaso, Armenia e Asia Menor**

Valores ornamentais: **Proporciona boa sombra. Cultivares con coloracións foliares diversas**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar gran altura (25 m) e grosor de tronco. Copa globosa, moi dividida. Casca lisa de coloración gris que se vai agretando e escurecendo coa idade. Follas simples, opostas e caedizas, polo xeral penta-lobuladas co bordo dentado, coloración do feixe moi variable segundo variedades (verde a púrpura) e abundante tomento no envés, que se perde pronto. As follas presentan un pecíolo longo, frecuentemente avermellado. Os froitos, dispostos en acios colgantes, son disámaras con ás erecto-patentes estreitadas cara á base.

Observacións

A súa madeira branca é apreciada en carpintaría polo seu gran fino e facilidade de traballo. Moi empregada para a construción de instrumentos musicais pola boa acústica que proporciona e bonito veteado.

Follas opostas pentalobuladas de *Acer pseudoplatanus*

Detalle das disámaras

Sectores

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (1)

8 IBADER (2)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Acer saccharinum*** **L.**

Familia: **Sapindaceae**

Nome común:

galego	**Pradairo prateado**
castelán	**Arce plateado, árce del azúcar**
inglés	**Silver maple, soft maple, white maple, river maple, swamp maple**

Orixe xeográfica: **Oriente norteamericano**

Valores ornamentais: **Cromatismo outonal das follas**

Descrición botánica

Árbore de gran porte (40 m). Copa redondeada. Casca agrisada e fina que se agreta lonxitudinalmente coa idade. Follas simples, alternas, caedizas, palmatífidas, verde claras pola face e prateadas polo envés, formadas por 5 lóbulos acuminados, profundos e fortemente dentados. As follas presentan un evidente e apreciado cambio de coloración no outono, virando do verde a vermello pasando por tonalidades amarelas e ocres antes de caer. Flores precoces, amarelas. Froitos en disámara con ás dispostas en ángulo recto.

Observacións

Ademais do gran valor ornamental da especie polo seu rápido crecemento e coloración outonal das follas ten unha madeira moi utilizada en moblaría e pavimentos de madeira que alcanza grandes prezos no mercado. Do seu zume extráese o "sirop", un xarope azucrado moi apreciado en América do Norte.

Porte de *Acer saccharinum*

Follas pentalobuladas

Coloración outonal

Aspecto das follas ao comezo do cambio de coloración outonal

Sectores

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (9)

5 Valgada do Campus (6)

11 Pavillón de Deportes (2)

Distancia 2.034 metros

N - VI

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Aesculus hippocastanum*** **L.**

Familia: **Sapindaceae**

Nome común:

galego	Castiñeiro de Indias, castiñeiro das bruxas
castelán	Castaño de Indias, castaño loco
inglés	Horse chesnut tree

Orixe xeográfica: **Rexión mediterránea oriental**

Valores ornamentais: **Floración vistosa. Gran porte. Coloración outonal das follas**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar os 30 m de altura e gran grosor de tronco. Copa ancha. Casca fina agrisada, que se vai escurecendo coa idade. Follas palmado-compostas, alternas, caedizas, con 5-7 folíolos oblongos de bordo dentado, ásperas ao tacto, de coloración verde-escura pola face e pardo-ferruginosa polo envés. Flores con 5 pétalos brancos en acios erectos de ata 30 cm de lonxitude. O froito está recuberto por unha cápsula de paredes verdosas e pinchudas que se volve avermellada antes de abrirse para liberar as 1 a 3 sementes (castañas de indias) que encerra.

Observacións

O seu nome fai referencia á similitude dos seus froitos coas castañas (*castanum*), coas que se alimentaba aos cabalos (*hippo*), non aptas para o consumo humano. Moi frecuente en parques e xardíns de todo o mundo polo seu rápido crecemento e resistencia a enfermidades. Posúe unha madeira de baixa calidade que podrece rapidamente. Atribúenselle propiedades medicinais e a súa casca emprégase como tinguidura.

[141]
[142]

Follas palmeado-compostas de *Aesculus hippocastanum*

Flor de *Aesculus hippocastanum*

Sectores

2 Fac. de Veterinaria

5 Valgada do Campus

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Tamarix parviflora*** **DC.**

Familia: **Tamaricaceae**

Nome común:

galego	Tamargueira
castelán	Tamarisco, taray
inglés	Smallfl ower tamarisk

Orixe xeográfica: **Mediterráneo oriental e norte de África**

Valores ornamentais: **Abundante coloración rosácea. Aspecto chorón**

Descrición botánica

Arbusto (4 m). Copa ampla de aspecto chorón. Casca marrón-purpúrea fisurada. Poliñas pardo-purpúreas péndulas, finas e flexibles, con lenticelas. Follas escamiformes de ata 2,5 cm de inserción espiralada. Flores pequenas (0,5 cm), rosadas, provistas dunhas pequenas brácteas de ápice amoratado, máis curtas que o cáliz (carácter distintivo). Froitos en cápsula.

Observacións

Algunhas das especies deste xénero son de complexa diferenciación. Aínda que existen tamargueiras autóctonas na Península Ibérica, esta especie foi introducida polo seu valor estético e ornamental.

Exemplar en flor de *Tamarix parviflora*



Poliñas con botóns florais

Flores abertas

Detalle das flores diminutas

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (3)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Cornus alba*** **L.**

Familia: **Cornaceae**

Nome común:

galego	**Sangoviño branco**
castelán	**Cornejo blanco**
inglés	**Siberian dogwood, red-barked dogwood**

Orixe xeográfica: **Siberia, norte de China, norte de Corea**

Valores ornamentais: **Coloración vermella das polas. Flores e froitos abundantes e esbrancuxados**

Descrición botánica

Planta arbustiva que pode alcanzar os 5 m. Polas erectas, de coloración avermellada intensa e con abundantes lenticelas. Follas simples, opostas, caedizas, oval-elípticas duns 10 cm de lonxitude, con nerviación converxente e o envés glauco, algo tomentoso. Flores brancas en corimbos aplanados. Froitos carnosos, ovoideos, brancos ou nacarados, non comestibles.

Observacións

A pesar da pequena dimensión das polas do sangoviño branco, a dureza da súa madeira propiciou a súa utilización para a fabricación de mangos de pequenas ferramentas na súa área de distribución natural.

Detalle dos froitos esbrancuxados de *Cornus alba*



Poliña avermellada de *Cornus alba* con lenticelas e gromos emerxentes

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (3)

6 Biblioteca Intercentros e Cactus (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Deutzia scabra*** **Thunb**

Familia: **Hydrangeaceae**

Nome común:

galego	**Deucia**
castelán	**Celinda de espigas, deucia, deutzia**
inglés	**Fuzzy pride of Rochester**

Orixe xeográfica: **Xapón**

Valores ornamentais: **Floración primaveral abundante. Soporta ben a poda**

Descrición botánica

Arbusto que pode alcanzar os 3 m de altura. Forma irregular aberta. Casca amarelo-agrisada. Follas simples, alternas, caedizas, ovadas ou oblongas, en ocasións curtamente acuminadas, de bordo irregularmente aserrado, dotadas de certa pubescencia que lles confire un tacto áspero, nervación marcada, limbo de cor verde por ambas as caras. Flores brancas ou rosadas en panículas. Froito seco en cápsula inferior a 1 cm.

Observacións

O Xénero *Deutzia* está dedicado a Johann van der Deutz, eminente botánico de finais do século XVIII, que sucedeu ao ilustre científico e naturalista Carl von Linné, Linneo (1707-1778), na cátedra de botánica da Universidade de Uppsala (Suecia).

Flores vistosas esbrancuxadas de *Deutzia scabra*

Botóns florais

Sectores

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (5)

8 IBADER (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Camellia cuspidata*** **(Kochs) Wright ex Gard.**

Familia: **Theaceae**

Nome común:

galego	Camelia
castelán	Camelia
inglés	Camelia

Orixe xeográfica: **Oeste de China**

Valores ornamentais: **Porte. Follaxe sempre verde. Floración vistosa**

Descrición botánica

Arboriña de porte cónico e casca fina. Follas simples, alternas, persistentes, elípticas ou lanceolado-elípticas, aquilladas, de bordo aserrado e ápice longamente acuminado, lixeiramente coriáceas e algo lustrosas. Flores duns 4-5 cm de diámetro, solitarias, brancas, con 5 sépalos e 6-7 pétalos.

Observacións

Pola morfoloxía das súas follas e o aspecto das flores, puidera non ser recoñecida como camelia por ollos inexpertos, motivo polo que é aínda máis apreciada.

Camellia cuspidata en floración

Detalle das flores

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Camellia sasanqua*** **Thunb**

Familia: **Theaceae**

Nome común:

galego	Camelia
castelán	Camelia
inglés	Sasanqua camellia

Orixe xeográfica: **Xapón**

Valores ornamentais: **Porte. Follaxe sempre verde. Floración**

Descrición botánica

Arbusto de casca fina pardo-grisácea. Follas simples, alternas, persistentes, obovadas, coriáceas e lustrosas, de bordo aserrado e ápice obtuso. Flores moi variables segundo cultivares. Froito en cápsula dehiscente.

Observacións

Con independencia do uso ornamental que se lle dá ás especies do Xénero *Camellia*, *C. sasanqua* ten ademais interese comercial polo aceite que se extrae das súas sementes, empregado entre outros fins para a fabricación de xabóns moi apreciados en cosmética. Entre os individuos desta especie que crecen nos xardíns da Escola Politécnica Superior de Lugo atopamos os cultivares 'Cleopatra', 'Narumigata' e 'Bonanza'.



Flor de *Camellia sasanqua* 'Bonanza'

Flor de *C. sasanqua* 'Cleopatra'

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (3)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Catalpa bignonioides*** **Walter**

Familia: **Bignoniaceae**

Nome común:

galego	**Catalpa**
castelán	**Catalpa, árbol de las chistorras**
inglés	**Southern catalpa**

Orixe xeográfica: **Sur e leste de Estados Unidos**

Valores ornamentais: **Copa ampla e floración rechamante**

Descrición botánica

Árbore de ata 15 m de altura. Copa cónica ou globosa, ampla. Casca grisácea e escamosa. Follas longamente pecioladas, simples, opostas, ás veces verticiladas por 3 e caedizas, oval-acuminadas, de cor verde clara polo face e pilosas polo envés, que desprenden un cheiro desagradable ao estrullalas. Flores brancas manchadas de vermello e amarelo, dispostas en grandes panículas (20 cm). Froito en cápsula colgante, linear, cilíndrica duns 30 cm de lonxitude.

Observacións

Especie ornamental moi frecuente nos nosos parques e xardíns. A súa madeira dura foi obxecto de certo aproveitamento na súa área de distribución natural. O epíteto do xénero deriva do nome que os indios norteamericanos daban a esta especie (*Catalpa*), mentres que *bignonioides* fai referencia á similitude das súas follas coa dalgunhas bignoniáceas, familia á que pertence.

Exemplares novos de copa globosa de *Catalpa bignonioides*

Follas e panículas florais

Detalle da flor

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (2)

3 Escola Politécnica Superior (3)

10 Fac. de Ciencias (4)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Buddleja davidii*** **Franch**

Familia: **Buddlejaceae**

Nome común:

galego	Budleia
castelán	Budleia, flor de las mariposas, lila de verano
inglés	Butterfl y bush, orange eye, summer lilac

Orixe xeográfica: **China**

Valores ornamentais: **Floración. As flores constitúen un reclamo para insectos, principalmente bolboretas**

Descrición botánica

Arbusto aberto, que pode alcanzar 5m de altura. Poliñas tetrágonas con abundante pilosidade, que desaparece na madureza. Follas simples, opostas ou verticiladas, elípticas, duns 10 cm de lonxitude, co envés moi pubescente e tacto rugoso. As flores, que poden ser de diversas cores, dispóñense en grandes e densas inflorescencias terminais en panícula, desprendendo un forte e agradable olor.

Observacións

Do seu nome común castelán "*flor de las mariposas*" dedúcese que constitúe un reclamo para elas, é ademais planta melífera e olorosa. Con todo trátase dunha especie invasora, que se naturalizou na península, constituíndo unha grande ameaza nalgúns ecosistemas, especialmente fluviais.

Variedade de *Buddleja davidii* con flor lila

Variedade de flor branca

Sectores

5 Valgada do Campus (2)

11 Pavillón de Deportes (11)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Fraxinus excelsior*** **L.**

Familia: **Oleaceae**

Nome común:

galego	**Freixo**
castelán	**Fresno, frágino, fresno eurosiberiano, fresno de hoja ancha, fresno real**
inglés	**Common ash, European ash**

Orixe xeográfica: **Europa e Asia Menor**

Valores ornamentais: **Floración precoz. Coloración das follas segundo cultivares**

Descrición botánica

Árbore que pode alcanzar os 40 m de altura. Copa ovalada. Casca pardo-verdosa agretada lonxitudinalmente. Follas imparipinnadas, opostas, caedizas, con 9-13 folíolos sentados oblongo-lanceolados, curtamente acuminados, de bordo finamente serrado, verde-amarelados pola face, algo máis claros polo envés e cos nervios algo pilosos. Xemas ovoideas, salvo a terminal con tendencia piramidal, mouras con disposición oposta decusada. Flores precoces en panículas. Froitos moi numerosos en sámaras lanceoladas (3-4 cm) colgantes.

Observacións

Especie frecuente nos ríos e zonas húmidas da metade norte da Península Ibérica. Os caracteres distintivos a nivel especie presentan certa heteroxeneidade sendo frecuente atopar exemplares intermedios entre *Fraxinus excelsior* e o freixo de folla estreita (*F. angustifolia*), que se inclúen dentro de *F. angustifolia* subsp. *oxycarpa*. Nas provincias do centro peninsular e sur do País Vasco, existen rodais pouco mestos de freixos demoucados, cuxa finalidade é a obtención de brotes tenros que sirvan de alimento para o gando. A súa madeira, parecida á do castiñeiro, aínda que de mellores aptitudes tecnolóxicas e caloríficas, dá bo carbón, é ademais apreciada para a construción de instrumentos musicais e mangos de pequenas ferramentas.

Copa de *Fraxinus excelsior*

Xemas negras, opostas, decusadas

Casca gretada

Sectores

5 Valgada do Campus (3)

11 Pavillón de Deportes (4)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledóneas

Nome científico: ***Ilex aquifolium*** **L.**

Familia: **Aquifoliaceae**

Nome común:

galego	Acivro, acevo, xardón
castelán	Acebo, cardón
inglés	English holly

Orixe xeográfica: **Europa, Asia occidental**

Valores ornamentais: **Coloración e lustre foliar segundo cultivares. Froitos vistosos**

Descrición botánica

Árbore dioica, que pode alcanzar os 15 m de altura. Copa cónica. Casca lisa, grisácea. Follas simples, alternas, persistentes, coriáceas, verde escuras, co nervio central marcado, brillantes pola face, mates polo envés, moi variables en canto a morfoloxía, mesmo dentro dun mesmo individuo, sendo habitualmente de limbo aovado, con espiñas na marxe, dirixidas alternativamente cara arriba e cara abaixo. Flores masculinas e femininas moi semellantes, pequenas, con 4 pétalos esbrancuxados. Froito en drupa esférica menor a 1 cm de cor vermella intensa na madureza.

Observacións

- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Prunus laurocerasus*** **L.**

Familia: **Rosaceae**

Nome común:

galego	**Loureiro real, loureiro romano, falso loureiro, loureira, lorbagueira**
castelán	**Laurel cerezo, laurel real, lauroceraso**
inglés	**Cherry laurel**

Orixe Xeográfica: **Península Balcánica, Cáucaso, Anatolia e norte de Persia**

Hábito

Arboriña perennifolia de até 8 m de altura.

Follas

Simples, alternas, coriáceas, elípticas ou oblongo-lanceoladas e acuminadas. Verde escuras e moi lustrosas pola face, mates e verde-amarelentas polo envés.

Flores

Hermafroditas, con 5 pétalos pequenos, reunidas en cimas.

Froitos

Baga globosa e negruzca de diámetro inferior aos 2 cm. Son tóxicas para os humáns debido a seu alto contido en ácido cianhídrico.

Follas verdes lustrosas e coriáceas de *Prunus laurocerasus*

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (2)

3 Escola Politécnica Superior (1)

5 Valgada do Campus (3)

8 IBADER (1)

11 Pavillón de Deportes (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Prunus spinosa*** **L.**

Familia: **Rosaceae**

Nome común:

galego	**Abruñeiro, bruño, ameixeira brava**
castelán	**Endrino, espino negro, bruñera**
inglés	**Blackthorn**

Orixe Xeográfica: **Europa e este de Asia**

Hábito

Arbusto caducifolio espiñento de até 5 m de altura.

Follas

Simples, alternas, trasovado-lanceoladas, pequenas (4 cm), de bordo polo xeral finamente aserrado, Coa face verde lustrosa e o envés máis claro, mate e algo pubescente.

Flores

Hermafroditas. Frecuentemente precoces. Formadas por 5 pequenos pétalos blancos.

Froitos

Drupas elípticas de até 2 cm, de cor azul escura o amoratada. Con elas aromatizanse diversos licores, entre eles o pacharán.

Exemplar de *Prunus spinosa* en flor

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (3)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: *Pyracantha coccinea* **M. Roem.**

Familia: **Rosaceae**

Nome común:

galego	**Espiño de fogo**
castelán	**Espino de fuego**
inglés	**Scarlet fi rethorn**

Orixe Xeográfica: **Surleste europeo e oeste asiático**

Hábito

Arbusto perennifolio espiñento de até 4 m de altura.

Follas

Simples, alternas, lanceolado a oval-oblongas, de borde finamente aserrado, coriáceas, verde brillantes pola face, máis claras polo envés.

Flores

Hermafroditas, de menos de 1 cm de diámetro, con 5 pétalos blancos, dispostas en cimas densas corimbiformes.

Froitos

Pequenos pomos (0,5-0,8 cm) globosos vermellos na madureza.

Floración densa e abundantísima de *Pyracantha coccinea*

Detalle das flores

Sectores

1 Av. Pablo Iglesias e Carvalho Calero (1)

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (1)

9 Fac. de Empresariais (2)

10 Fac. de Ciencias (1)

11 Pavillón de Deportes (11)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Rosa*** **spp.**

Familia: **Rosaceae**

Nome común:

galego	Roseira
castelán	Rosal
inglés	Rose bush

Orixe Xeográfica: **Zonas temperadas do hemisferio Norte e montañas tropicais**

Hábito

Existen máis de 30.000 cultivares de rosa, entre os que podemos encontrar variedades de porte arbustivo, gabeador e rastreiro, xeralmente espiñentos, e perennifolios ou caducifolios.

Follas

Compostas imparipinnadas, con foliolos aserrados. De coloración verde-lustrosa pola face, máis clara e con certo tomento polo envés.

Flores

Nas especies silvestres, formadas por 5 pétalos vistosos. As variedades ornamentais contan cun gran número de pétalos, en ocasiones olorosos, de coración moi variable, que vai desde o blanco puro aos vermellos máis intensos, pasando por amarelos ou laranxas.

Froitos

Poliaquenio rodeado por un receptáculo carnoso (cinorrodón).

R. 'Cumbaya'

R. 'White'

R. 'Snowball'

R. 'Meidiland'

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (3)

3 Escola Politécnica Superior (5)

9 Fac. de Empresariais (16)

10 Fac. de Ciencias (8)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Koelreuteria paniculata*** **Laxm.**

Familia: **Sapindaceae**

Nome común:

galego	**Árbore dos faroliños**
castelán	**Árbol de los farolillos, jabonero de la China**
inglés	**Goldenrain tree**

Orixe Xeográfica: **China e Corea**

Hábito

Pequeño árbore (12 m) caducifolio.

Follas

Compostas, alternas, formadas por 7-19 foliolos xeralmente opostos, de ovados a elípticos coa marxe irregularmente lobulada. Verde oscuras pola face, más claras e con certo tomento polo envés.

Flores

Masculinas e femininas no mesmo pé, morfolóxicamente moi semellantes, pequenas (1 cm) e pouco chamativas. Algo olorosas.

Froitos

Aquenios encerrados por unha cápsula papirácea moi persistente.

Follas compostas de *K. paniculada*



Fruto con aspecto de farolillo

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Ailanthus altissima*** **(Mill.) Swingle**

Familia: **Simaroubaceae**

Nome común:

galego	Ailanto, árbore do ceo
castelán	Ailanto, árbol del cielo
inglés	Tree of heaven

Orixe Xeográfica: **China**

Hábito

Árbore caducifolia de até 25 m de altura que se propaga e asilvestra fácilmente.

Follas

Compuestas imparipinnadas, de disposición alterna nas pólas inferiores e opuesta nas superiores. Con 5-12 foliolos lampiños, oval-lanceolados, de bordo enteiro, salvo os primeros pares, que posúen un par de lóbulos na base. Coración verde lustrosa pola face, mates polo envés. Ao estrullalas desprenden un olor desagradable.

Flores

Flores unisexuais (en diferente pé) ou hermafroditas, de cor verdosa e olor moi desagradable reunidas en panícula de até 30 cm,

Froitos

Sámaras alongadas de coración inicialmente variable, finalmente gris.

Casca rugosa característica da especie

Foliolos oval-lanceolados

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (3)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Aucuba japonica*** **Thunb. 'Variegata'**

Familia: **Cornaceae**

Nome común:

galego	Loureiro xaponés, loureiro manchado
castelán	Aucuba, laurel manchado
inglés	Japanese laurel

Orixe Xeográfica: **Leste de Asia, desde o Himalaia até Japón**

Hábito

Arbusto perennifolio de até 3 m de altura.

Follas

Simples, opostas, elípticas ou oval-lanceoladas, de bordo algo dentado. Verde lustrosas con puntiños amarelos pola face, mates polo envés.

Flores

Unisexuais, pequenas, purpúreas, en panículas axilares.

Froitos

Drupa elipsoidal de coración vermella. Tóxicos para o ser humano.

Follas de *Aucuba japonica* 'Variegata'

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (1)

5 Valgada do Campus (2)

9 Fac. de Empresariais (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Hydrangea macrophylla*** **(Thunb.) Ser.**

Familia: **Hydrangeaceae**

Nome común:

galego	Hortensia
castelán	Hortensia
inglés	Hortensia

Orixe Xeográfica: **Himalaia, surleste asiático e Xapón**

Hábito

Mata caducifolia moi ramificada de até 2 m de altura.

Follas

Simples, opostas, oval-acuminadas, amplamente cuneadas na base, de bordo aserrado, con nerviación paralela moi marcada, rugosas, verdes escuras e lampiñas pola face, máis claras polo envés, tamén desprovisto de pelos.

Flores

Hermafroditas. Dispostas en grandes cimas corimbiformes con flores centrais fértis e as dos bordos estériles. A vistosidade da flor debese a unhas grandes brácteas de coración variable en función do valor do pH do solo. Azuladas en solos cun pH inferior a 5, rosadas cuando é maior.

Froitos

Pequenas cápsulas.



Flores azuladas de *Hydrangea microphylla*

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (5)

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (1)

8 IBADER (1)

9 Fac. de Empresariais (17)

11 Pavillón de Deportes (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Arbutus unedo*** **L.**

Familia: **Ericaceae**

Nome común:

galego	**Érbedo, albedro, esbedro, erbedeiro**
castelán	**Madroño**
inglés	**Strawberry madrone, strawberry tree**

Orixe Xeográfica: **Rexión mediterránea occidental e suroeste de Irlanda**

Hábito

Arboriña perennifolia de até 10 m de altura.

Follas

Simples, alternas, algo grosas e coriáceas, oblongo-lanceoladas, de bordo finamente dentada, verde-lustrosas pola face, máis claras e amarelentas polo envés.

Flores

Hermafroditas, urceoladas, blancas de uns 0,8 cm dispostas en acios terminais.

Froitos

Baga globosa de 2 cm de diámetro, avermellada e de aspecto pinchudo. A súa maduración é coetánea coa floración do ano seguinte. Comestible.

Follas verde-lustrosas de *Arbutus unedo*

Sectores

11 Pavillón de Deportes (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Camellia japonica*** **L.**

Familia: **Theaceae**

Nome común:

galego	Camelia
castelán	Camelia común
inglés	Camellia

Orixe Xeográfica: **Xapón, Corea do Sur, Taiwán**

Hábito

Arboriña perennifolia de até 12 m de altura.

Follas

Simples, persistentes, alternas, coriáceas, anchamente elípticas, lixeiramente aserradas, acuminadas no ápice e cortamente pecioladas.

Flores

Moi variables segundo o cultivar. Con pétalos que van do vermello intenso ao blanco puro.

Froitos

Cápsula de uns 3-4 cm.



Flores distintas nunha mesma planta resultado dunha “quimera”

C. japonica ‘Ciudad de Vigo’

C. japonica ‘Adolphe Audusson’

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (1)

3 Escola Politécnica Superior (3)

5 Valgada do Campus (1)

9 Fac. de Empresariais (4)

10 Fac. de Ciencias (3)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Camellia reticulata*** **Lindl.**

Familia: **Theaceae**

Nome común:

galego	Camelia
castelán	Camelia
inglés	Yennan Camellia

Orixe Xeográfica: **Sur de China**

Hábito

Arboriña perennifolia de até 15 m de altura.

Follas

Simples, persistentes, alternas, elíptico-obovadas, coriáceas e lustrosas, con nerviación marcada, bordo finamente aserrado e ápice acuminado.

Flores

Moi variables segundo cultivares, pero polo xeral son as de maior tamaño de entre todas as camelias.

Froitos

Cápsulas de uns 3-4 cm.

Flor de *Camellia reticulata* 'Mouchang' presente nos xardíns da Escola Politécnica Superior

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Nerium oleander*** **L.**

Familia: **Apocynaceae**

Nome común:

galego	**Loendro**
castelán	**Adelfa**
inglés	**Oleander**

Orixe Xeográfica: **Área circummediterránea**

Hábito

Arbusto perennifolio de até 5 m de altura.

Follas

Simples, verticiladas por 3, en ocasións por 4 ou opostas na zona terminal das pólas, lanceolado-lineales, verde-lustrosas pola face, más claras polo envés.

Flores

Hermafroditas. Dispostas en cimas terminais, con pétalos vistosos vermellos ou morados.

Froitos

Grandes folículos algo curvados e dobles.

Flor rosada

Exemplar da Escola Politécnica Superior

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Trachelospermum jasminoides*** **(Lindl.) Lem.**

Familia: **Apocynaceae**

Nome común:

galego	**Trachelospermo**
castelán	**Trachelospermo, jazmín de leche, jazmín chino**
inglés	**Confederate jasmine**

Orixe Xeográfica: **China**

Hábito

Cabeadora perennifolia.

Follas

Simples, opuestas, oval-lanceoladas, de coración verde-brillante pola face, mates polo envés.

Flores

Hermafroditas, con 5 pétalos blancos, agrupadas en cimas terminais. Olorosas.

Froitos

Seco polispermo de uns 15 cm de longo.

Flores de *Trachelospermum jasminoides*

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (4)

4 Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (2)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Ligustrum lucidum*** **Ait.**

Familia: **Oleaceae**

Nome común:

galego	**Alfaneiro chinés, ligustro chinés**
castelán	**Aligustre de la China**
inglés	**Glossy privet**

Orixe Xeográfica: **Xapón e Corea**

Hábito

Arboriña perennifolia moi ramificada de até 15 m de altura.

Follas

Simples, opuestas, oblongo-acuminadas e aquilladas, verde-lustosas pola face, máis claras e mates polo envés.

Flores

Hermafroditas, pequenas (0,5 cm) de cor blancuxa ou blanco-crema, dispostas en grandes panículas (25 cm) terminais.

Froitosv

Drupa ovalada de diámetro inferior a 1 cm, inicialmente verde-amarelenta, morado-escura ao madurar.



Conxunto de exemplares de *Ligustrum lucidum*

Detalle dos froitos inmaduros

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (1)

11 Pavillón de Deportes (5)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Ligustrum ovalifolium*** **Hassk.**

Familia: **Oleaceae**

Nome común:

galego	**Ligustro de California**
castelán	**Ligustrina, aligustre de California, troanilla**
inglés	**California privet**

Orixe Xeográfica: **Japón**

Hábito

Mata arbustiva subcaducifolia de até 3 m de altura.

Follas

Simples, opostas, pequenas (6 cm), ovais ou Oblongo-elípticas, verde-claras, lampiñas e lustrosas
pola face, mates polo envés.

Flores

Hermafroditas, campaniformes, blancas, pequenas (1 cm) dispostas en panículas de até 15 cm.

Froitos

Drupas de uns 0,5 cm de diámetro de coración azul intenso.

Follas opostas de *Ligustrum ovalifolium*

Panícula de flores

Sectores

10 Fac. de Ciencias (1)

11 Pavillón de Deportes (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Syringa vulgaris*** **L.**

Familia: **Oleaceae**

Nome común:

galego	**Lila**
castelán	**Lila**
inglés	**Common lilac, purple lilac**

Orixe Xeográfica: **Surleste europeo**

Hábito

Arbusto caducifolio de até 8 m de altura.

Follas

Simples, opostas, longamente pecioladas, limbo enteiro subtriangular, de ápice acuminado e base acorazonada.

Flores

Flores hermafroditas blancas ou lilas dispostas en panículas terminais.

Bolboreta atraída polas flores de *S. vulgaris*

Froitos

Cápsulas alongadas de 1,5-2 cm.

Froitos capsulares

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (3)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Hebe topiaria*** **Moore**

Familia: **Scrophulariaceae**

Nome común:

galego	**Hebe**
castelán	**Hebe**
inglés	**Hebe**

Orixe Xeográfica: **Nova Zelandia**

Hábito

Arbusto perennifolio compacto de até 0,5 m de alto.

Follas

Simples, opostas, decusadas, grosas, algo suculentas, oval-elípticas e acuminadas, pequenas (1 cm), cunha fendedura central (nervio), verde-plateadas.

Flores

Hermafroditas, pequenas (1 cm) e tubulares, formadas por 4 pétalos soldados.

Froitos

Pequena cápsula aplanada.

Hebe topiaria con flores

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (6)

5 Valgada do Campus (2)

11 Pavillón de Deportes (1)

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Ilex crenata*** **Thunb**

Familia: **Aquifoliaceae**

Nome común:

galego	**Acivro xaponés**
castelán	**Acebo japonés**
inglés	**Japanese holly**

Orixe Xeográfica: **Xapón**

Hábito

Arbusto perennifolio de até 4 m de altura.

Follas

Simples, alternas, moi abundantes, cortamente pecioladas, coriáceas, pequenas, de até 4 cm de lonxitude, elíptico-oblongas, coa marxe revolto e finamente dentado, verde-claras e lustrosas pola face, mates polo envés.

Flores

Masculinas e femininas en distintos pés, pequenas (1 cm) con catro pétalos blancos.

Froitos

Pequenas bagas de cor negra.

Poliña en flor de *Ilex crenata*

Sectores

3 Escola Politécnica Superior (2)

5 Valgada do Campus (5)

Distancia 2.034 metros

N - VI

Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Viburnum rhytidophyllum*** **Hemsl.**

Familia: **Caprifoliaceae**

Nome común:

galego	**Viburno**
castelán	**Viburno**
inglés	**Leatherleaf arrowwood**

Orixe Xeográfica: **China**

Hábito

Arbusto semiperenne de até 5 m de altura.

Follas

Simples, opostas, lanceoladas, verde-oscuras e brillantes pola face, con nerviación marcada, verde-amarerentas e tomentosas polo envés.

Flores

Hermafroditas. Diminutas e de cor blanca sucio, dispostas en grandes cimas.

Froitos

Tipo drupa, pequenos e ovalados, inicialmente verdes para pasar a vermellos e finalmente al negro.

Follas lustrosas con nerviación marcada de *Viburnum rhytidophyllum*

Sectores

2 Fac. de Veterinaria (1)

8 IBADER (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus de Lugo

Dicotiledoneas

Nome científico: ***Pittosporum tobira*** **(Thunb.)**

Familia: **Pittosporaceae**

Nome común:

galego	**Pitosporo do Xapón**
castelán	**Pitosporo, pitosporo del Japón, azahar de la China, azarero**
inglés	**Japanese pittosporum, tobira**

Orixe Xeográfica: **China e Xapón**

Hábito

Arboriña perennifolia de até 10 m de altura.

Follas

Simples, alternas, oblongo-espatuladas, coa marxe revolta cara abajo, verde-lustrosas e pilosas pola face, máis claras e mates polo envés.

Flores

Hermafroditas, con 5 pétalos blancuxos. Olorosas.

Froitos

Cápsula trivalva.

Flores de *Pittosporum tobira*

Sectores

1 Av. Pablo Iglesias e Carvalho Calero (1)



Vexetación

- Ximnosperma
- Anxiosperma
- Árbol monumental
- Masa arborada

Camiños

- Beirarrúa
- Asfaltado
- Senda
- Cuberto
- Empedrado

Ruta Botánica USC Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

GLOSARIO

Acampanado, da. Adx.
En forma de campá.
Acícula. Sust.
Folla longa, de moi escaso grosor.
Do tipo de piñeiros e abetos.
Acicular. Adx.
En forma de acícula.
Acio. Sust.
Inflorescencia ou infrutescencia coas flores ou froitos dispostos ao longo dun eixo e sostidos cadanseu pedúnculo.
Acorazonado, da. Adx.
(=cordiforme). En forma de corazón.
Referido ás follas, con dúas grandes aurículas na base e estreitadas na punta.
Acuminado, da. Adx.
Que remata en punta.
Agudo, da. Adx.
Referido a follas ou órganos aplanados cuxos bordes forman un ángulo agudo no ápice.
Alterno, a. Adx.
Referido á disposición dispersa de follas, ramiños, etc. ao longo dun tronco.
Anxiosperma. Sust.
Planta que presenta as sementes protexidas por un ovario.
Anelado, da. Adx.
Que presenta engrosamentos en forma de anel.
Anteras. Sust.
Parte do estame que contén o pole.
Apétalo, a. Adx.
Que presenta flores sen pétalos.
Apical. Adx.
Relativo ao ápice, ou que se encontra nel.
Oponse a basal.
Aplicado, da. Adx.
Referido a follas, brácteas e outros órganos foliáceos, que se aproximan ou apoian sobre o eixo no que están insertos, sen chegar a soldarse con el.
Apuntado, da. Adx.
(=acuminado). Terminado en punta.
Aquenio. Sust.
Froito seco, indehiscente e monospermo, co pericarpo non soldado á semente.
Aquillado, da. Adx.
Órgano que ten unha parte máis ou menos aguda en forma de quilla.
Árbore. Sust.
Planta vivaz erecta, fortemente lignificada e con clara diferenciación de tronco e copa, cuxa talla total supera os 5 o 7 m, dependendo do autor consultado.
Arbusto. Sust.
Planta leñosa cuxa altura total adoita estar comprendida entre os 3-5 m, segundo o autor consultado.
Arcéstide. Sust.
(=gálbulo). Estróbilo redondeado, carnoso e indehiscente, que encerra un número pequeño de sementes. Típico de xenebreiras e sabinas.
Aserrado. Adx.
Provisto de dentes agudos e próximos, a modo de serra.
Aurícula. Sust.
Apéndice foliáceo con forma semellante a unha orella.
Auricular. Adx.
En forma de orella.
Auriculado. Adx.
Referido ás follas, provisto de aurículas.
Basal. Adx.
Propio da base ou relativo a ela.
Oponse a apical.
Baga. Sust.
Nome que reciben os froitos co epicarpo xeralmente moi delgado e o meso e endocarpo de consistencia carnosa e más o menos zumentos.
Bienal. Adx.
Que se repite cada dous años.
Bipinnado, a. Adx.
Referido ás follas, aquelas cuxos foliolos son pinnados.
Bráctea. Sust.
Folla modificada que acompaña á flor.

Braquiblasto. Sust.
Ramilla cos entrenós moi próximos e as follas frecuentemente en roseta.
Caducifolio, a. Adx.
Dise da planta que permanece sen follas durante o periodo invernal. Oponse a perennifolio.
Caduco, a. Adx.
(=caedizo). Órgano vexetal pouco durable. Xeralmente referido a follas e pétalos. Oponse a perenne.
Caedizo,a. Adx.
Ver caduco.
Cáliz. Sust.
Conjunto de sépalos que conforman o perianto externo da flor.
Capítulo. Sust.
Inflorescencia constituída por pequenas flores sésiles inseridas sobre un receptáculo único, característica da familia das compostas.
Cápsula. Sust.
Fruto seco e dehiscente que contén varias sementes.
Carballal. Sust.
(=Carballeira) Formación arborada dominada por carballos (*Quercus robur*)
Cepa. Sust.
Zona basal do talo ou tronco das plantas que sirve de unión coa raíz.
Cima. Sust.
Inflorescencia formada por varios eixos en cuxos ápices se dispoñen as flores.
Cintiforme. Adx.
En forma de cinta. Referido a follas cuxa lonxitude excede con moito a súa anchura.
Coetáneo, a. Adx.
Da misma idade. Referido á follas, ramiños, brotes, etc., que aparecen no mesmo momento.
Composto, a. Adx.
Referido ás follas, que teñen o limbo dividido en varios foliolos.
Cónico, a. Adx.
Con forma de cono. Xeralmente aplícase á copa.
Cono. Sust.
(=estróbilo). Inflorescencia ou estrutura seminífera das coníferas.
Copa. Sust.
Conxunto das pólas dunha árbore ou arbusto, teñan ou non follas.
Corchoso, a. Adx.
Que ten corcho.
Coriácea. Adx.
Dise da folla de consistencia recia pero flexible, como o coiro.
Corimbiforme. Adx.
En forma de corimbo.
Corimbo. Sust.
Inflorescencia formada por flores pedunculadas que arrancan a distintas alturas, pero que alcanzan un mesmo nivel.
Corola. Sust.
Envolta floral, xeralmente coreada, situada entre o cáliz e os órganos sexuais, formada por pétalos.
Corteza. Sust.
Parte externa da raíz, tallo e pólas da planta.
Crenado, a. Adx.
(=festoneado). Referido a órganos laminares, como as folla, cuxo marxe está formado por arcos convexos, ou fendeduras que se suceden.
Cultivar. Sust.
Variedade cultivada.
Estirpe orixinada en cultivo que se multiplica conservando todos os seus caracteres.
Cuneiforme. Adx.
En forma de cuña. Aplícase ás follas que presentan a súa base ou ápice de bordes rectos e convergentes.
Cupresoidea. Adx.
Folla pequeña, escamiforme e solapada, do tipo da dos cipreses.
Cúpula. Sust.
Formación orixinada a partir das brácteas involucrais durante o desenvolvemento do froito, envolvendoo total ou parcialmente. Típica das fagáceas.
Cutícula. Sust.
En follas e tallos, película exterior que recubre a epidermis, formada por cutina.
Decurrente. Adx.
Referido a follas, brácteas, escamas, etc., que presentan a lámina prolongada polo tallo.
Decusado, a. Adx.
Referido a follas, brácteas, ramas, etc., de disposición oposta e colocadas de maneira que forman cruz coas dos nós adxacentes.

Dehiscente. Adx.
Froito que se abre de maneira espontánea liberando as sementes. Oponse a indehiscente.
Dentado, a. Adx.
Con prominencias en forma de dente.
Dicotiledónea. Sust.
Anxiosperma que presenta dous cotiledóns, follas ou primordios seminais.
Dioico, a. Adx.
Ser vivo que presenta os órganos reprodutores masculinos e femininos en distintos individuos.
Oponse a monoico.
Doela. Sust.
Cada unha das táboas curvas que forman as paredes de toneis, cubas, etc.
Disámara. Sust.
Tipo de froito seco resultado da unión de dúas sámaras. Típico dalgunhas especies de árobes, como os pradairos.
Drupa. Sust.
Froito carnoso cun só oso.
Endocarpo. Sust.
Capa interna do pericarpo.
Epicarpo. Sust.
Capa externa do pericarpo.
Escama. Sust.
Bráctea pequena. Follas con forma e consistencia parecida á das escamas dos peixes.
Escamiforme. Adx.
(=escuamiforme). Aquilo que pola súa forma ou características recorda unha escama.
Escotado, a. Adx.
Dícese do órgano laminar (follas) que presentan un seo pouco profundo e xeralmente estreito.
Escuamiforme. Adx.
Ver escamiforme.
Espadiforme. Adx.
En forma de espada.
Estame. Sust.
Parte masculina da flor, formada por un filamento sobre o que se dispoñen as anteras.
Estoma. Sust.
Cada unha das aperturas que comunican o exterior co interior da folla, a traveso das que se realiza o intercambio de gases e auga.
Estróbilo. Sust.
(=cono) Estrutura seminífera das coníferas, formada por un eixe central rodeado dunha especie de escamas que encerran as sementes.
Exótico, a. Adx.
Vexetal introducido nun país ou territorio, no que non existía en orixe.
Fascículo. Sust.
Feixe.
Foliolo. Sust.
(=pinna). Cada unha das pezas de aspecto folioso que conforman unha folla composta.
Gálbulo. Sust.
Ver arcéstide.
Glabro, a. Adx.
Sen pelosidade.
Glauco, a. Adx.
Azulado, verde-azulado.
Glomérulo. Sust.
Conxunto de flores dispostas de forma máis ou menos esférica.
Guía. Sust.
Extremo do tallo principal ou rama preponderante.
Hermafrodita. Adx.
Planta que contén órganos sexuais masculinos e femininos.
Híbrido, a. Adx.
Planta que resulta do cruce de dúas especies diferentes.
Imbricada. Adx.
Referido ás follas, aquelas que se superpoñen de xeito semellante ás tellas nun tellado.
Imparipinnada. Adx.
Folla pinnada formada por un número impar de foliolos.
Indehiscente. Adx.
Que non se abre uhna vez acadada a madurez. Oponse a dehiscente.
Inflorescencia. Sust.
Modo de agruparse as flores en determinadas especies mantendo unha distribución constante. Ex.: cima, umbela, panícula, etc.
Infrutescencia. Sust.
Conxunto de froitos que se agrupan ando a apariencia dun só froito.

Invólucro. Sust.
Conxunto de brácteas que rodea unha inflorescencia ou está mesmo debaixo dela.
Lanceolado, a. Adx.
Aspecto dalgúns órganos laminares, como follas, brácteas, pétalos, etc., que presentan forma de punta de lanza.
Legume. Sust.
Froito seco dehiscente, que se abre dorsal e ventralmente liberando unha ou varias sementes. Típico das leguminosas.
Lenticela. Sust.
Nos tallos dalgunas especies, pequenas protuberancias en forma de lentella cuxa función é o intercambio gaseoso.
Lignificado, a. Adx.
Con aspecto e consistencia de madeira.
Limbo. Sust.
Parte principal, máis ancha e en forma de lámina da folla das plantas.
Linear. Adx.
Órgano alongado e estreito, de bordes paralelos ou case.
Lobulado, a. Adx.
Provisto de lóbulos.
Lóbulo. Sust.
Referido a órganos foliares, división limitada por escotaduras que non alcanzan a metade da súa lonxitude ou a cuarta parte da anchura.
Macroblasto. Sust.
Nas plantas con dúas clases de gomos, os vástagos longos que forman ou prolongan as pólas.
Mata. Sust.
Planta baixa, de toro curto que ten as pólas a carón da terra.
Matogueira. Sust.
Conxunto espeso de matas.
Melífero, a. Adx.
Dícese das especies cuxas flores son aproveitadas polas abejas para a produción de mel.
Monocotiledónea. Sust.
Anxiosperma que presenta un único cotiledón, folla ou primordio seminal.
Monoespecífica. Adx.
Referido ás formacións vexetais, aquela que está dominadas por una única especie.
Monoica. Adx.
Planta que presenta os órganos reprodutores masculinos e femininos no mesmo individuo.
Oponse a dioico.
Monte baixo. Sust.
O formado e perpetuado total ou case totalmente por brotes de cepa, de raíz ou de ambas clases.
Mucronado, a. Adx.
Aplícase a os órganos terminados en punta aguda o espiña.
Multicaule. Adx.
Que ten moitos talos.
Nectario. Sust.
Órgano con forma de bolsiña cuxa función é secretar néctar.
Oblongo, a. Adx.
Máis longo ca largo.
Obovado, a. Adx.
De forma ovada, pero coa parte ancha no ápice e a estreita na base.
Oposto, a. Adx.
Posto enfrente.
Ovoideo, a. Adx.
Con forma de ovo.
Palmatífida. Adx.
Referido ás follas, aquelas con nerviación palmeada, fendidas en varios lóbulos.
Palmeado, a. Adx.
Órgano laminar de nerviación disposta radialmente desde a base.
Panícula. Sust.
Inflorescencia composta na que os acios van decrecendo da base cara ao ápice.
Papilionada. Adx.
Forma característica da corola das flores dalgunhas Papilionáceas, que lembra a unha bolboreta.
Papiráceo, a. Adx.
Díse das estruturas que presentan aspecto ou consistencia parecida á do papel.
Paripinnada. Adx.
Folla compuesta formada por un número par de foliolos.
Patente. Adx.
Órgano que forma un ángulo recto o casi co eixo sobre o que se inserta.
Peciolado, a. Adx.
Que presenta peciolo.

Peciolo. Sust.
Parte da hoja máis ou menos alongada e estreita que une o limbo ca rama.
Peciolulado,a. Adx.
Que presenta peciólulo.
Peciólulo. Sust.
Peciolo que sostén cada un dos foliolos das follas compostas.
Pedunculado, a. Adx.
Provisto de pedúnculo.
Pedúnculo. Sust.
Eixo que sustenta unha inflorescencia ou grupo de flores.
Peltado, a. Adx.
Estrutura provista de peciolo ou pedúnculo insertado na súa parte media.
Perenne. Adx.
Vexetal que vive máis de tres años.
Referido a follas e pétalos, que duran máis de un ano.
Nesta última acepción, oponse a caduco.
Perennifolio, a. Adx.
Que ten folla perenne.
Oponse a caducifolio.
Periantio. Sust.
(=perianto). Conxunto de envolturas florais que rodean os órganos reprodutores da flor.
Perianto. Sust.
Ver periantio.
Pericarpo. Sust.
(=pericarpio). Parede do froito que rodea a semente.
Persistente. Adx.
Órgano que permanece inserto unha vez finalizada a súa función.
Pétalo. Sust.
Cada unha das estruturas laminares que forman a corola.
Pinnado, a. Adx.
Órgano laminar cos nervos dispostos lateralmente respecto ao eixo central ou raque.
Pinna. Sust.
Ver foliolo.
Pinnatífido, a. Adx.
Órgano laminar de bordes fendidos, como moito, até a metade da súa lonxitude ou o cuarto da súa anchura.
Podalla. Sust.
Póla pequena e delgada.
Polispermo, a. Adx.
Con moitas sementes.
Pomo. Sust.
Froito carnoso redondeado ou piriforme, que presenta unha parte central dividida xeralmente en cinco partes.
Pruina. Sust.
Revestimento céreo ou resinoso que da cor ou reflexo azulado a diversos órganos de moitos vexetais.
Precoz. Adx.
Temperán, prematuro.
Pruinoso, a. Adx.
Que ten pruína.
Pubescente. Adx.
Que presenta pelo fino e suave.
Ramón. Sust.
Material susceptible de ser ramoneado.
Ramonear. Vb.
Acción de alimentarse o gando con gromos, brotes e follas de especies leñosas.
Rizoma. Sust.
Talo subterráneo.
Sámara. Sust.
Aquenio provisto dunha ou varias alas que facilitan a súa dispersión.
Sépalo. Sust.
Cada una das pezas do cáliz dunha flor.
Simple. Adx.
Órgano que non é composto nin ramificado.
Taxon. Sust.
Estirpe de ser vivo.
Termófilo, a. Adx.
Vexetal propio de rexións cálidas.
Tesela. Sust.
Cada unha das pezas máis ou menos xeométricas en que se divide a casca dos toros e pólas grosas de moitas árbores.
Tetrágono, a. Adx.
Con catro ángulos ou esquinas.

Tomento. Sust.
Conxunto de pelos simples ou ramificados dispuestos densamente.

Tomentoso, a. Adx.
Que presenta abundante tomento.

Trasovado, a. Adx.
Que presenta a súa maior anchura na mitade superior ou máis cercana ao ápice.

Truncado, a. Adx.
Dícese dos órganos que parecen ter sido cortados de través na súa parte apical.

Umbela. Sust.
Inflorescencia na que todos os pedúnculos parten do mesmo punto e presentan igual lonxitude.

Uncinado, a. Adx.
Que forma gancho.

Urceolado, a. Adx.
Que ten forma avultada e boca estreita.

Valva. Sust.
Cada unha das divisións ou suturas polas que se abren estames, froitos u outras formacións seminíferas.

Verticilado, a. Adx.
Que presenta verticilos.

Verticilo. Sust.
Conxunto de follas ou órganos florais que nacen a un mesmo nivel arredor do talo.

Ximnosperma. Sust.
Planta coas sementes desprotexidas e, polo tanto, carentes de verdadeiro froito.

Autores

Javier Pereira–Espinel Plata

Natural de Plasencia (Cáceres, 1980). Enxeñeiro técnico forestal e máster en Investigación Agraria e Forestal pola Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente traballa no Departamento de Produción Vexetal da Escola Politécnica Superior de Lugo (USC). Ten colaborado en diversos estudos relacionados coa caracterización e ecoloxía de bosques do extremo noroccidental ibérico así como na redacción do Inventario da Flora Leñosa do Campus Universitario de Lugo.

María Isabel Iglesias Díaz

Natural de Santiago de Compostela (A Coruña, 1959). Doctora en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesora titular de Universidade adscrita ao Departamento de Produción Vexetal na Escola Politécnica Superior de Lugo (USC). Imparte docencia desde o ano 1989 en materias de xardinaría e paisaxismo. Coordinadora do Máster Interuniversitario de Arquitectura da Paisaxe "Juana de Vega". A súa laboura investigadora e as súas publicacións centranse no sector das plantas ornamentais para xardinaría e paisaxismo, mellora das técnicas de produción, selección de especies e arborado urbano.

Manuel Antonio Rodríguez Guitián

Natural de Lugo (1964), licenciado e doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesor contratado doutor do Departamento de Produción Vexetal da Escola Politécnica Superior de Lugo (USC), no que desenvolve labouras docentes desde 1989 en diversas titulacións relacionadas co ámbito agroforestal. É autor de máis de 150 traballos de investigación e divulgación centrados, principalmente, na caracterización botánica e ecológica de bosques do extremo noroccidental ibérico así como en la tipificación e valoración de hábitats naturais e espazos protexidos.

Antonio Rigueiro Rodríguez

Natural de O Incio (Lugo, 1951). Doutor enxeñeiro de Montes pola Universidad Politécnica de Madrid. Catedrático da Universidade de Santiago de Compostela adscrito ao Departamento de Produción Vexetal (Escola Politécnica Superior de Lugo). Profesor, entre outras materias, de botánica forestal no grao de enxeñeiro forestal e do medio natural. Membro de número da Real Academia Galega de Ciencias. Autor e coautor de numerosos artigos en revistas especializadas sobre temática diversa, destacando a botánica, sistemas silvopastorais, micoloxía (cogomelos), árbores monumentais e malherboloxía.